

**ACTA**

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2021/2	O Pleno

**DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN**

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	25 de febreiro de 2021
<b>Duración</b>	Desde as 20:31 ata as 1:03 horas
<b>Lugar</b>	Videoconferencia
<b>Presidida por</b>	María Dolores Castiñeira Alén
<b>Secretaria</b>	Berta Alonso Soto

**ASISTENCIA Á SESIÓN**

<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SÍ
Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
Lucía Pereira González	SÍ
María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
Miguel González González	SÍ
Noelia Pérez Domínguez	SÍ
Primitivo González Souto	SÍ
Rubén González Coto	SÍ
Santiago Rodríguez Davila	SÍ
Verónica Tourón Domínguez	SÍ



Ángela Ledo Souto	SÍ
Ángela Valcárcel Bernárdez	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

**Sra. Alcaldesa.** Benvidos a todos a todas e a veciñanza que nos ve a través de youtube.

**Sr. Rodríguez Davila:** Boas noites aos membros da Corporación e aos veciños que nos están escoitando. Lamentamos que a Alcaldesa non tiveran a ben celebrar un pleno tan importe coma o do día de hoxe presencial, non se escusen na COVID porque vemos como outras administracións, outros Concellos, incluso hoxe mesmo a ministra estivo visitando unha empresa nunha mesa redonda onde cumpría o protocolo da COVID e perfectamente se puido facer o pleno presencial. En segundo lugar solicitamos a incorporación ao expediente deste pleno dunha serie de documentación importante e a día de hoxe neste momento non se nos foi entregada, é certo que algunha si foi incorporada e entregada pero un documento tan importante que vostedes din ter, porque fai mención no informe económico financeiro, respecto do castastro para que vostedes calculasen os máis de 800.000€ que vostedes lle van a cobrar aos veciños do imposto da urbana, ese documento non está, vostedes dín que non existe na contestación que se nos deu, se non existe como é que vostedes calculan iso?.

**Sra. Alcaldesa.** Se che parece dou lectura aos escritos tanto os que presentastes vos e a nosa contestación. Solicitaban respecto ao punto segundo a copia dos documentos de comunicación, notificacións recibidas da Xerencia Provincial do Catastro de Pontevedra respecto do procedemento simplificado de valoración colectiva ben a través do rexistro de entrada como do correo corporativo da Alcaldesa ou da Concelleira de Facenda. Pedían ademais copia dos documentos, bases utilizados para a consignación no orzamento de ingresos na partida 11300 do IBI de urbana por 1.700.000 € e en concreto o documento que certifique a base imponible/valor catastral do exercicio 2021.

En canto ao punto terceiro (aprobación do REC) copia das facturas que constan na relación de facturas do REC 1/2021 emitidas por Excavaciones Norexca, Construcciones Vale e General de Asfaltos y Servicios S.L. No apartado B a relación de facturas non comprendía a data de rexistro de entrada no Concello nin de emisión das facturas que se van recoñecer e solicitaban que lles aportásemos a relación cos indicados datos e por ultimo, ampliar os puntos de intervención neste punto segundo no pleno en 10 minutos na primeira quenda, 5 minutos na segunda e 3 minutos na derradeira tal como contempla o artigo 40.1g) do ROM, dado a extensión dos documentos.

Esa era a petición do Partido popular, escrito que contestei o antes posible para que



soubese que non tiñamos inconvinte en enviarlle esa documentación. Nesa resposta lle dicía que viñamos de incluír no expediente do pleno de 25 de febreiro ao que vostede ten acceso, a seguinte documentación: a comunicación da Xerencia do Catastro de Pontevedra, as facturas de Excavaciones Norexa, de Construcciones Vale e General de Asfaltos e Servicios, S.L. que se inclúen no REC 1/2021, así coma o listado de facturas con data de emisión e data de entrada no rexistro do Concello. No Concello non contamos con ningún documento que verifique/certifique a base imponible/valor catastral do imposto do 2021. Ademais díciálle que o recoñecemento extraxudicial de crédito é un tema ordinario do Concello que non se contemplaba no regulamento e polo tanto, como noutras ocasións, non íbamos a proceder a atender a súa solicitude de duplicar o tempo.

**Sr. Rodríguez Davila:** Efectivamente vostede nos contesta que o Concello non conta con ningún documento que certifique a base imponible/catastral do imposto do ano 2021, entón vostedes como calculan que van a incrementar o orzamento en máis de 800.000€? Porqué o recollen vostedes, se non hai ese documento? Vostedes inventan ese dato.

Reitero e insisto en nome do grupo que o tema do recoñecemento extraxudicial que se vai a debater no punto tres e dado a importancia do asunto que imos a tratar, xa que estamos a falar de máis de 1,4 millóns de euros de facturas sen pagar, solicitamos a ampliación do tempo. Dado a importancia do asunto tratar, non se pode equiparar o non pagar facturas de 1,4 millóns de euros do ano pasado con un pequeno proxecto dun asfaltado, sen sacarlle importancia ao mesmo. Solicítolle que sexa rigurosa vostede e o seu goberno á hora de trasladar información aos veciños nos medios de comunicacións, é moi triste ler o titular no día de hoxe.

## A) PARTE RESOLUTIVA

### Aprobación de actas das sesións anteriores.

#### Acta da sesión núm. 2020/12, extraordinaria urxente de 30 de novembro.

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2020/12, extraordinaria urxente de 30 de novembro enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

**VOTACIÓN: Non existindo máis observación a acta, pola Sra. Alcadesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2020/12, extraordinaria urxente de 30**

de novembro; sendo aprobada por 10 votos a favor dos/as Sres/as Concelleiros/as: M<sup>a</sup> Dolores Castiñeira Alén, Miguel González González Alejandro Rodríguez Canosa, Lucía Pereira González (MS), Verónica Tourón Domínguez, Angela Ledo Souto e Rubén González Coto (PSOE), Joaquín Núñez Troncoso, Primitivo González Souto, Angela Valcárcel Bernárdez (PP) e 3 abstencións dos/as Sres/as Conceleiros/as: (MS). Santiago Rodríguez Davila, Ana Cristina Pérez Cabaleiro e Noelia Pérez Domínguez (PP)

Acta da sesión 2020-13, ordinaria de 17 de decembro.

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión n<sup>o</sup> 2020/13, ordinaria de 17 de decembro enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

**Sra. Tourón Domínguez:** Boa tarde-noite a todos e a todas e tamén a toda a veciñanza que nos segue dende as súas casas. Facer unha apreciación para que quede reflexada, na páxina 23, na miña intervención, párrafo terceiro fai referencia a “despois a asociación Tabernaboa” gustaríame que quedase reflectido o nome correcto que é “Tabernanova”

**VOTACIÓN:** Non existindo máis observación a acta, pola Sra. Alcadesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión n<sup>o</sup> 2020/13, ordinaria de 17 de decembro; sendo aprobada por 12 votos a favor dos/as Sres/as Concelleiros/as: M<sup>a</sup> Dolores Castiñeira Alén, Alejandro Rodríguez Canosa, Lucía Pereira González (MS), Verónica Tourón Domínguez, Angela Ledo Souto e Rubén González Coto (PSOE), Santiago Rodríguez Davila, Joaquín Núñez Troncoso, Ana Cristina Pérez Cabaleiro, Primitivo González Souto, Angela Valcárcel Bernárdez e Noelia Pérez Domínguez (PP) e 1 abstención dos/as Sres/as Conceleiros/as: Miguel González González (MS).

**Expediente 378/2021. Aprobación inicial do Orzamento municipal para o exercicio 2021.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria  
A favor: 7, En contra: 6,  
Abstencións: 0, Ausentes: 0

**Sra. Alcadesa:** Quero darlle os parabéns á compañeira Lucía que dirixe o departamento de Facenda, polo intenso traballo deste últimos meses, a ela e ao personal que forma parte destes departamentos, por conseguir non só traer este documento senón por ser quen de en un ano e oito meses aprobar tres orzamentos, un traballo extraordinario, que coa complexidade da COVID e coas múltiples baixas



que se deron nos diferentes departamentos a verdade é moi meritorio. Gracias a Lucía e a todo o persoal vinculado ao Concello.

**Sra. Pereira González:** Boa tarde a todos e a todas. Quixera dar as gracias eu tamén aos departamentos de Intervención e Tesourería, dous departamentos que nestes momentos están moi mermados de personal e que mesmo así poñen todo o seu empeño para quitar expedientes como estes, que requiren ademais da súa implicación e de laboriosidade como xa sabedes, de informes e recabación de datos, informes un pouquiño máis complexos e máis extensos que os informes ordinarios que os se fan a diario.

O orzamento ascende a 6.001.431,80 € tanto no seu apartado de gastos como de ingresos, un orzamento que incrementa 1.000.000 € con respecto ao do exercicio anterior e que nos permite introducir moitas e moi importantes novidades. Si atendemos á distribución que o orzamento fai por capítulos estes millóns se reparten do seguinte xeito:

Capítulo 1 dedicado a persoal, 1.820.569,30€ un 30% do orzamento dedicado a gastos do persoal e que supón un incremento de 150.000€ respecto do exercicio anterior. Anéxanse ao expediente os cadros de persoal laboral e funcionario, contéplanse xa en base á proposta de relación de postos de traballo aprobada inicialmente hai unha semana, 44 plazas das que na actualidade están cuberta 33.

Gasto Corrente, este é o apartado máis cuantioso do orzamento, neste caso un 53% do orzamento, 3.193.741,40€ que se dedican aos gastos ordinarios, gasto corrente, gasto do día a día do Concello, a todo aquel gasto que asumimos na execución das nosas competencias incluso naquelas materias que a pesar de non ser da nosa competencia se asumen para prestarllas a veciñanza.

Capítulo 3 e Capítulo 9 acostumo a decilos xuntos, son os gastos financeiros, os gastos dedicados á amortización de préstamos, 163.000€, menos dun 3 % do orzamento. Nestes momentos o Concello ten dous préstamos concertados coa entidade BBVA, dous préstamos que a día 31 de decembro de 2020 sumaban pendente de devolución 830.000€ e que a final deste ano, despois das amortizacións pertinentes trimestrais, quedarán en 670.000€, en torno a un 10% do orzamento e polo tanto un nivel moi baixiño de endebedamento.

Capítulo 4, capítulo das transferencias correntes, aquí é onde se producen as novidades máis destacables, 332.000€, un incremento de 173.000€, dúplícase o gasto e neste caso este capítulo é o que recolle as subvencións nominativas. Ata o de agora tiñamos un listado de 25 subvencións nominativas para as que dispoñíamos 92.000€, gracias a ter rematado o plan de axuste e gracias a que o Plan económico financeiro que aprobamos quedou en suspensión por terse suspendido as regras fiscais, este ano estamos en disposición por fin de incrementar ese listado de

subvencións nominativas, sumamos sete novas asociacións a este listado convertíndoas en trinta e dúas, incorpóranse este listado de subvencións nominativas: Escola de Fútbol Denis Suárez, a Asociación de Voluntarios de Protección Civil de Salceda, Mulleres Rurais, CRA Raiña Aragonta, Asociación Trece Catorce, ACISA e tamén AFAGA. De todas elas AFAGA é a única que non é unha entidade propiamente de Salceda, pero creo que todos estamos de acordo en que a labor que levan a cabo en Salceda é fundamental, e ademais vimos de cederlle o uso da antiga escola de Vendanova, rehabilitada recentemente para que poidan desenvolver alí e levar a cabo a súas actividades co confort e coa comodidade que se merecen. Un total de 126.000€ en subvencións nominativas neste novo orzamento. Outra novidade importante é unha liña de 30.000€ de subvención de concorrencia competitiva para as traídas de augas, este é un compromiso que este equipo de goberno foi adquirindo coas diversas traídas en xuntanzas que se foron mantendo con eles, son moitas as necesidades e esta consideramos que é unha maneira de botarlles unha man de axudarlles nas súas tarefas de mantemento e de reparación.

Capítulo 6, capítulo de investimentos reais con fondos propios 491.749,23€ casi 500.000€ de fondos propios para investimento como poden ser obras ou adquisicións. Un capítulo que incrementa 170.000€ respecto do exercicio anterior e do que se contemplan, anexanse no expediente o listado, pequenas obras de saneamento, ou obras de mellora en zoas de ocio en zonas infantís, algunha obra de mantemento e mellora de edificios municipais, como pode ser o tellado do edificio do Torrón, proxectos de rehabilitación e posta en valor de edificios municipais como o da Devesa, adquisición do programa informático de contabilidade que precisamos cambiar, dotacións para eventos deportivos, tamén as aportacións que o noso Concello fai cando facemos subvencións con fondos de outras administracións.

En canto aos ingresos, os ingresos mantéñense practicamente idénticos ao exercicio anterior: Impostos directos 2.277.500,00€, Impostos indirectos 50.000€, Taxas 648.340,00€, Transferencias 3.022.591,80€, Ingresos patrimoniais 3.000€. As dúas únicas novidades en este apartado e que nos permite incrementar o orzamento en un millón de euros están por unha banda nas transferencias do fondo do Estado que se preveen en 200.000€ a maiores para este exercicio do que tiñamos contemplando no exercicio anterior, e por outra banda 800.000€ no apartado de impostos directos na recadación do IBI, esta previsión se fai despois de que a Dirección Xeral do Catastro nos comunicase ter comezado un procedemento simplificado de valoración colectiva en Salceda.

Dicir que o expediente está completo e con todos os anexos e documentos pertinentes, anexo de personal, anexo de investimentos, anexo de subvencións nominativas, documento de gastos e documento de ingresos, bases de execución, memoria, informe económico financeiro e informes de intervención e secretaria, ambos os dous favorables, isto quere dicir que o expediente está completo.





O procedemento simplificado de valoración catastral é un proceso que se inicia unilateralmente pola Dirección Xeral do Catastro, o Concello nin se lle consulta nin se lle pide autorización, nin sequera se lle informa case ata o momento final no que está practicamente rematado. Unha vez que se nos informa deste procedemento nós poñémonos en contacto, facemos as averiguacións e as consultas pertinentes para saber que estimación podemos facer de ingresos e claro que temos que recollelo, parézanos mellor ou peor o momento, esta recadación si é un ingreso que o Concello vai a recibir, temos que contemplalo no apartado de ingresos. En canto ao alcance do procedemento, aínda que supoño que na quenda da moción falaremos do alcance deste procedemento, gustaríame que quedara claro que é un procedemento que non afecta ao valor catastral, non afecta á ponencia, non afecta ao tipo impositivo, simplemente se trata de que os inmobles que están en núcleo pasan a tributar, inmobles que ata o de agora non tributan a partir de agora van a pasar a tributar, inmobles que teñan unha edificación e que xa tributaban a partir de agora tributarán polo inmovible e pola construción. Nin é un proceso iniciado por este Concello nin é un proceso que afecte a ponencia de valores, nin ao tipo impositivo.

**Sr. Núñez Troncoso:** Boas noites, estamos ante un orzamento de 6.000.000€ continuista respecto do ano anterior, como así ten manifestado a Alcaldesa e como ven sendo habitual detectamos insuficiencia de crédito en algunhas partidas e exceso en outras. Temos unha serie de exemplos como é na área de educación, vemos que no orzamento de 2020 contemplaban 182.000€, no 2021 contemplan 187.000€, pero resulta que sobre o orzamento de 2021 hai que aplicarlle o recoñecemento extraxudicial de crédito que posiblemente aprobarán no seguinte punto, que son 75.000€, polo tanto nos queda para gastar no 2021 na área de educación 112.000€ e no exercicio 2019 se gastaron 165.000€, polo tanto imos a dispor dun 32 % menos na área de educación. Dentro da propia área temos a partida de limpeza e aseos do 2020, 2019 e 2021 e o mesmo importe 52.000€, pero no 2021 igual, como dixen antes temos que aplicarlle o recoñecemento extraxudicial de créditos que son 25.000€ como no 2019 se gastou 57.576€ vemos que é unha minoración dun 43,5% menos con respecto ao 2020. Publicidade, propaganda e gastos protocolarios, no 2020 tiñamos 95.000€, levan vostedes no orzamento 80.000€, vemos que ocultan 13.000€ nunha conta que se chaman “otros gastos en comunicaciones” que son os famosos vídeos propagandísticos co PSOE e a Sra portavoz, Verónica Tourón, sempre erre que erre que non podía ser, que non podía ser, pero aí están, despois de case dous anos de goberno aí continúan.

Anexo de subvencións, volvemos máis ou menos á mesma liña que o exercicio anterior, é certo que se incorporan varias subvencións a distintos colectivos como pode ser a traída de augas, nós tamén no noso programa electoral das últimas eleccións contemplábase axudas ás traídas de augas, esperemos que o reparto sexa equitativo. Seguimos sen entender porqué o CEIP Altamira con 520 alumnos máis ou menos vai dispor dunha subvención de 1.200€ e o IES Pedras Rubias con algo máis da metade de alumnos que o Altamira vai dispor de 2.400€. Vemos tamén que se crea



unha subvención nova para ACISA, Asociación de comerciantes de Salceda pero hai outra asociación tamén de comerciantes en Salceda, que é a Asociación de Comerciantes Tabernanova e non se contempla nada para esta asociación. Xa indico que na reclamación ao orzamento pediremos que se inclúa unha partida a esta asociación. Os Centros Culturais manteñen o mesmo importe dende o 2016, 900€, nós sempre dixemos que sería bo baremar aos Centros Culturais á hora da concesión de subvencións, pois tendo en conta o número de socios, número de actividades, etc... non é o mesmo un Centro cultural que teña unha actividade a outro que teña sete ou oito actividades. Botamos tamén en falta que non se contemple ningunha subvención, nin ningún tipo de axuda, para algúns colectivos afectados pola COVID, como pode ser por exemplo a hostelería ou outras actividades relacionadas coa propia hostelería.

Anexo de investimentos, alegrámonos que melloraran respecto ao 2020, no sentido que haxa un desglose dos investimentos que van a facer durante o 2021, pero non é os 491.000€ que di o Goberno, nin o medio millón que di na nota de prensa, non se pode manipular así os veciños, Alcaldesa, a inversión real no 2021 vai ser 250.000€ porque os outros 240.000€ restantes é o que temos que pagar de facturas de inversión que deixaron de pagar no 2020.

Anexo de persoal, digo tamén que xa presentaremos a reclamación ao anexo de persoal, tamén curioso pero o custe que ten para o Concello a Alcaldesa non figura neste anexo de persoal.

Respecto ao IBI, o IBI é un imposto compartido entre o Catastro e o Concello, o Catastro incorpora os inmobles, construcións ou solares, fai a súa valoración e o Concello é o encargado de recadar ese imposto, polo tanto é unha xestión compartida, agora mesmo prevén ingresar 800.000€, aínda non nos dixo de onde quitan ese dato porque ese dato ten que saír do valor catastral de todo o Concello e llo tiveron que comunicar, esa comunicación é a que nos pedimos e vostedes a data de hoxe aínda non a aportaron ao expediente. Se está realizando un procedemento simplificado de valoración colectiva ao igual que en Mos, salvo que en Mos, a Alcaldesa e toda a Corporación están cos veciños e en Salceda non pasa o mesmo. O procedemento consiste basicamente en incluír no castastro de urbana todas as leiras incluso algún monte que agora mesmo están en rústica pero están dentro de núcleo, é dicir, todas as leiras incluídos montes donde agora se poida construír, é indiferente que teñan 100 metros ou teña 1000 metros pois van a pagar IBI. Tamén se van a incluír todos os terreos que rodean as vivendas que temos cada un de nós e todo elo con carácter retroactivo, se podería ir ata catro anos, os máis afectados van ser os veciños que vivimos nas parroquias sobre todo e parte da Esfarrapada. Isto é unha auténtica barbaridade, un auténtico atraco aos veciños, ademais no tempo que estamos coa COVID, ca pandemia, problemas no traballo e vostedes non se lles ocorre mellor idea que esquillar aos veciños. A valoración, Sra. Concelleira de área, é certo foi feita por Catastro porque entre outras cousas é a súa competencia, pero ollo,





gracias a Alcaldesa e ao Goberno, me explico. Segundo a versión da Alcaldesa e o Goberno o día 2 deste mes o Catastro comunica telefonicamente a Concelleira de Facenda que se vai colgar na sede electrónica do catastro o edicto comunicando o inicio do procedemento, dando un prazo de dez días para presentar alegacións contra dito procedemento, que fai a Alcaldesa como representante dos veciños? Nada, exactamente nada. Segundo palabras súas, Sra. Lucía, que dixo outro día na Comisión, para que ían a presentar alegacións total non nos ían a facer caso e non ían a valer para nada, increíble, por qué a Alcaldesa e o Goberno non fixeron nada? Porque así ían a recaudar 800.000€ de todos os veciños, esquilmar aos veciños, e a proba de que a Alcaldesa é cómplice desta situación e que nos orzamentos do 2021 xa contempla os 800.000€, imos a pasar de 900.000€ a 1.700.000€ pero é que a verdade é que a Alcaldesa e o seu Goberno xa o sabían antes. Se vostedes, calquera veciño, accede a páxina do Catastro con certificado electrónico ou ben con acceso libre e observa que dentro dos datos dos inmobles figura un número de expediente 346102.36/2020, expediente común a todas as parcelas afectadas, a todas as leiras que antes non pagaban e que agora van a pasar a pagar, o expediente xa nos da un dato, ano 2020 e se pincha no expediente verán data de rexistro 14/08/2020, este o xerme, a data deste expediente de valoración e se seguen pinchando verán que se seguen gravando datos o 23/10/2020. Sres. do Partido Socialista, Sra. Verónica Tourón antes defendían vostedes máis menos aos veciños agora a quen defende? Por tanto Sra. Alcaldesa, non manipule aos veciños, non oculte a documentación, se vostedes realmente, o seu goberno defenden aos veciños pónase diante da pancarta e si o fai conte non nós.

**Sra. Tourón Domínguez:** As miñas felicidades tamén a Lucía a todo o seu equipo, xa antes de comezar. Destacar que este expediente está completo, ten os informes favorables tanto de Intervención como de Secretaría. Destacar que temos un gasto social que pasa 600.000€ a 1.400.000€, que unha gran parte vai para a axuda no fogar como ten que ser, case duplicamos co cal creo que hai que darlle moita atención a esta partida. Acóllense moitos colectivos novos, sete colectivos novos nas subvención nominativas, aumentando esa partida de subvencións nominativas en 24.000€. Creo que os compañeiros e compañeiras do Partido Popular levan moitos plenos insistindo en que había que aumentar as subvención nominativas e incluír outros colectivos, non lle escoitei aos compañeiros do Partido Popular dar a noraboa por incluír novos colectivos, que eran eles mesmos os que tamén os estaban demandando xunto con todos os partidos da Corporación, que sempre dixemos que en canto se puidera se ían a incluír e aumentar a subvención nominativas. Incluímos por primeira vez, que era un compromiso electoral que tiñamos os tres partidos, co cal me alegro de que poideramos facer ese compromiso real.

Auméntase 200.000€ o capítulo de investimentos, facendo ademais investimentos esenciais que en algúns casos non nos deberían corresponder e os temos que asumir o propio Concello porque a Administración da Xunta de Galicia non o fai. Por nomear algúns está a reforma do tellado do Torrón ou pequenos tramos de saneamento que imos facendo, que xa estivemos facendo algúns dende que se comezou esta

lexislatura e que se continúa agora. Tamén se dotan nestes orzamentos as novas prazas para o persoal despois da aprobación inicial da RPT no pleno do luns pasado. Estes orzamentos cumpren ademais con todos os obxectivos de estabilidade orzamentaria, sostenibilidade financeira e regra de gasto. Falar de que en ensino si se incrementa a partida, pasa de 182.000 a 187.000€, algúns corresponden ao ano pasado, a verdade é que me fai gracia sobre todos polas partidas que nomea o compañeiro do Partido Popular, ten gracia que a Xunta de Galicia que ten as competencias en desinfección e como tema da COVID nos pasa a nós as competencias teñamos que asumir o gasto e agora aínda veña o Partido Popular a dicir que gastamos de máis nesa área, ten gracia como mínimo. Debería estudar ben o que se dí, porque as competencias son da Xunta de Galicia, e o Concello tivemos que asumilas e ben feito foi porque en ningún momento dixemos que non, as íamos a asumir porque é necesario, pero agora que veña o Partido Popular a dicir que gastamos máis en desinfección ten gracia.

En canto a emprego pasamos de ter un partida de 102.422€ a 164.692€, máis de 62.000€ aumentados nestas áreas. Salientar tamén que se inclúen algunhas partidas de proxectos que xa estamos a traballar como dicía a compañeira Lucía, entre os que están algún de educación que tamén hai que sumarlle a esa aumento que xa comenten antes. Nos propios informes de intervención din ademais como mellora que estamos a traballar nela, sinala que xa están en marcha algunhas licitacións como pode ser a que fixemos dos seguros, a do SAF ou da limpeza que estamos a traballar nela tamén, queda moito camiño aínda que facer nese axuste de gastos, pero estamos a traballar nel, cuns departamentos que como dicía Lucía, escasos de persoal e afectados neste últimos tempos tamén pola COVID, co cal creo que estamos a facer un bo traballo e como dicía a Concelleira de Facenda, ela síntese orgullosa e eu como parte deste Goberno tamén. Quero sinalar que se traen ao pleno no mes de febreiro, non estamos cumprindo cos prazos pero salientar que traemos tres orzamentos nun ano e oito meses, os últimos orzamentos que se aprobaron foi hai escasos seis meses, estamos nese camiño de mellora e creo que imos ben, a pesar de que os compañeiros do Partido Popular non o queren asumir e prefiren pasar a metade do tempo do debate dos orzamentos cun tema do IBI que eles mesmos presentaron unha moción para tratar.

Eu non vou a permitir que ninguén neste pleno, desta corporación diga que temos un regulamento mordaza, porque non temos un regulamento mordaza, e alguén que forma parte deste pleno onde se aprobou o Regulamento lle guste máis ou lle guste menos. Aprobouse en pleno polo non se pode dicir que é un Regulamento mordaza, porque da os mesmos tempos a todos os grupos e o único que fixemos foi regular, regular e aínda así os compañeiros do Partido Popular sistematicamente se saltan o regulamento moitas veces, como fixo o portavoz do Partido Popular no inicio deste Pleno, e verdade que a Alcaldesa non lle corta nunca o tempo e sempre llo da, e cando me toque a min farei o mesmo pero o compañeiro do Partido Popular ten que cumprir o Regulamento como facemos todos.



En canto ao IBI a nós isto non se nos ocorre, compañeiro Joaquín, este procedemento que fai o Catastro está avalado pola Lei 13/2015 que o Ministro do Partido Popular, o Sr. Montoro, aprobou, polo cal non se nos ocorre a este Concello, está avalado por unha Lei que o seu partido aprobou e non o pedimos nós. Efectivamente xurde do Ministerio. escoitei neste pleno que o equipo de goberno “timaba aos veciños” creo que todos somos suficientemente conscientes do cargo que temos e do que representamos para dicir esas barbaridades, saben vostedes ademais que isto non é só no Concello de Salceda senón en Salceda, Porriño, Mos e Bueu, avalados por esa Lei que quitou o Ministerio do Partido Popular e en case todos os Concellos da contorna xa se está aplicar, cuestión tamén de xustiza social, non se está timando a xente co que non tén senón que están pagando polo que teñen, creo que hai palabras como timar, como mordaza, etc... que eu non podo permitir neste pleno.

**Sra. Pereira González:** É unha lástima que de dez minutos so empregara cinco en falar do orzamento, o orzamento máis grande do Concello que eu lembre, posiblemente sexa porque sempre se queixan de que ven tarde, esta vez ven en un tempo prudencial ou se queixan de que sempre é o mesmo listado de subvencións nominativas e este ano se añaden novas asociacións e ademais de añadir novas asociacións se crea unha liña nova de subvencións, posiblemente sexa porque sempre se queixan do anexo de inversión que non lle gusta e esta vez detallamos ao seu gusto, posiblemente sexa porque partidas como a de axuda ao fogar na que sistematicamente din que é insuficiente este ano se aumente máis do dobre, posiblemente sexa por todo iso que ten pouco que dicir do orzamento.

Voulle falar un pouco máis do orzamento: Capítulo 3 do orzamento 3.000.000€, 53% do orzamento gastos en asistencia social pasamos de 690.000€ a 1.400.000€, vostede pode facer cos números darlle as voltiñas que queira, o orzamento é unha previsión de gastos e ingresos, unha previsión que se fai a principios de ano ou antes de empezar o ano e ademais, como xa lle levo dito en todos os informe de intervención cando vostedes fan as alegacións o orzamento mírase a nivel vinculación, precisamente por iso, porque é unha previsión e dentro da área se poden vincular os gastos. Gastos de asistencia social 1.400.000€, seguridade e mobilidade cidadá 430.000€; educación 187.000€, cultura 345.000€, deportes 470.000€, vivenda e urbanismo 329.000€, benestar comunitario 604.000€, medio ambiente 267.000€; emprego 164.000€; sanidade 82.000€, servizos xerais 643.000€ e así pódolle seguir detallando as partidas do Capítulo 2, que practicamente todas aumentan. O aumento máis destacable é o servizo de axuda no fogar, un partida que tiñamos presupostada en 400.000€ que era insuficiente, o manifestaron moitísimas veces neste pleno pero hoxe nin sequera tiveron a ben recoñer que, ademais de incrementarse máis do dobre xa que pasa a 950.000€, é suficiente para este ano, para dar cabida ao novo precio que resulte da adjudicación e incluso para as facturas pendentes de aprobación, co que pondríamos o contador a cero nesta partida.



As axudas á hostelería imos contemplalas con outras vías de financiación, non as imos a facer con fondos propios pero sí se van a contemplar e os investimentos, seguen sendo investimentos con fondos propios do Concello, investimentos realizados por este Concello, porque di que non son reais os 500.000€? En canto ao salario da Alcaldesa é anecdótico, vostede verá que debeu ser un copia e pega que se comeu unha liña a suma das cinco concelleirías non da os 167.000€ como ten o cadro diante, 167.000€ é engadindo o salario da Alcaldesa. Polo que respecta ao IBI eu entendínlle esquilmar os veciños, a idea non se nos ocorreu a nós, a idea ocurriuselle ao Catastro igual que se lle ocorreu en Porriño, igual que se lle ocorreu en Mos, imos a ser realistas tanto nós como vostedes como os veciños, sabíamos que isto ía chegar en calquera momento, o resto dos concellos veciños xa están pagando así, xa están pagando as parcelas que están en núcleo e os que temos unha ponencia de valores tan antiga e unhas normas subsidiarias tan antigas que nin sequera foron trasladadas no seu día chegou un momento que o catastro de oficio o aplicou. En canto a miña frase “nós non imos reclamar nada total non nos van a facer caso” non é unha frase miña, non sei que grabación ten vostede, esa non é unha frase miña, eu lle dixen: “se vostede podía dicirme algún motivo con sustento xurídico para alegar contra ese proceso” un procedemento que está regulado no artigo 30 da Lei do Catastro. Eu lle dixen que este Concello non atopou motivos xurídicos para alegar contra ese procedemento. En canto as estar do lado do veciños, si que imos a estar ao lado dos veciños no que estea nas nosas mans e no que sexa posible, imos a reforzar o punto catastral que ata agora está ocupado por unha persoa, imos a dotalo de tres persoas máis para dispoñer de catro persoas durante cinco días á semana atendendo á veciñanza para axudarlle no seu proceso de alegacións, para os documentos que encontren errados ou que precisen alegar, catro persoas para atender o máximo posible de veciñanza.

**Sr. Núñez Troncoso:** Empezo polo incremento que din que hai no gasto social, si que hai incremento do gasto social, pero eses 650.000€ que din que hai de incremento do gasto social resulta que 303.000€ son para pagar facturas que deixaron de pagar do ano 2020, 104.000€ para pagarlle ao Consorcio, 51.000€ pola financiación 2021 e 53.000 polo recoñecemento extraxudicial de crédito que corresponde ao 2020. A redacción proxecto a Devesa 25.000€ e despois se crea unha partida nova de 15.000€ para a AFAGA que estamos totalmente de acordo, e o resto 250.000€ son para pagar o incremento do prezo da hora. Por certo, onde están os novos servizos? Hai incremento de gastos pero novos servizos onde? E máis, non sei se o sabe a Sra. Concelleira de Facenda, o goberno está renunciando a horas de dependencia que lle está ofrecendo a Xunta, polo tanto menos demagogía neste punto Alcaldesa. Investimentos, dos 500.000€ que vostedes anuncian en prensa só se van a poder investir con fondos propios 250.000€ ,porque a outra metade son para pagar facturas que deixaron sen pagar do 2020. Dí a Sra. Verónica investimentos que lle corresponde a competencia de limpeza á Xunta, onde quitou vostede iso de que a competencia de limpeza lle corresponde á Xunta? A competencia de limpeza é dos Concellos e parece mentira que diga vostede isto cando están gastando diñeiro noutras áreas que non lle corresponde realmente ao Concello pero por interese, non sei que, si o están



facendo.

Os prazos de Orzamento, din que nun ano e oito meses tres orzamentos, miren, no 2019 viñeron un ano máis tarde do que tiñan que vir, o do 2020 dez meses máis tarde do que tiña que vir a pleno a aprobación inicial e este do 2021 xa tiña que vir no mes de outubro para que entrada en prazo o día un, desta forma non vai entrar en prazo ata máis ou menos o mes de abril, polo tanto non se voten tantas flores porque eu non sei onde están as flores.

Regulamento mordaza sigo dicindo que é un Regulamento mordaza pois si, porque entre outras cousas estamos limitados no tempo, un debate importante, un punto importante como son os orzamentos estamos limitados e non digamos o que ven a seguir, no que hai 1400 facturas e cinco minutos de intervención, preguntas so podemos facer seis, ese non é un Regulamento mordaza? Iso é transparencia? É información hacia aos veciños? Explíqueme vostede, Catastro e Ministerio, a verdade é que me sorprende Sra. Verónica, o Concello non ten competencias no IBI? Porqué en Mos que está na mesmas situación que nós a Alcaldesa se pon ao fronte e toda a Corporación incluído o seu partido e votan a favor de aplicar unha moratoria a esta revisión, porqué vostedes non fixeron eso? Non dixen timar dixen esquilmar, e un roubo para os bolsillos dos nosos veciños e vostedes o permiten e llo demostramos cando queiran, vostedes teñen competencia no IBI e polo tanto puideron falar co Catastro para unha moratoria da aplicación deste incremento.

A axuda á hostelería a nós gustaríanos que estivera contemplada no Orzamento, non o vemos contemplado, porque non o contemplaron xa no orzamento? O incremento do IBI si o contemplaron, é curioso, con respecto do incremento do IBI, xa que vostedes din que tiveron información o día 2 de febreiro, o día 14 tiñan rematado o expediente do orzamento en dez días modificaron votedes o orzamento? Pero a quen queren vostedes meter esa bola? Vostede que pensa, que somos idiotas ou que pasa? Ou sexa, en dez días modifican vostedes o orzamento e inclúen 800.000€ que aínda non nos contestou de onde salen, que pasa que son votedes magos e sacaron da chistera os 800.000€? Teñen que sair dun valor catastral de todo o Concello, onde está ese valor catastral? Quen llo ten que comunicar? O Catastro. Quén ten que aplicar a cuota? Vostedes, o Concello, polo tanto ten que haber unha comunicación do valor catastral, esa comunicación é o que queremos saber, e queremos saber os 800.000€ que cálculo fixeron vostedes, de onde o quitaron para obter esa cantidade? Non sabemos se vai a corresponder ao 2021, se vai a corresponder a atrasos, non sabemos nada, e non o sabemos porque vostedes non nos queren dar esa información, polo tanto hai ocultación de información, lle guste ou non lle guste, e non só que nos estean ocultando a nós, a parte de esquilmar aos veciños estalle ocultando documentación aos veciños, lle guste ou non lle guste, polo tanto lle pido que tome, como mínimo, as mesmas medidas que van a tomar en Mos, co apoio unánime da Corporación, para votar a baixo este procedemento de valoración e máis tendo en conta a situación actual da pandemia e a COVID, que xa sabemos os postos





de traballo como están, e vostedes non, imos a tirarlle do petos aos veciños coma a nós parece ser que nos afecta ao bolsillo dos nosos veciños, deben estar contentos por esa actuación que fixeron.

**Sra. Tourón Domínguez:** Esta Concelleira, Verónica, ocupou nove minutos dos dez que lle correspondían antes, sobre todo por ser solidaria coa compañeira de Facenda que entendo que necesita moito máis tempo para expoñer o tema, tal como se cinguiu ao tema o explicou perfectamente, cousa que o compañeiro do Partido Popular di que o tema dos orzamentos é un tema tan importante que non lle chega o tempo que se lle está dando, resulta que pasa os seus seis minutos e medio falando dunha moción que traen para despois, porque nesta segunda intervención non lle escoitei falar nada dos orzamentos, só do IBI, máis IBI e máis IBI e que temos un Regulamento mordaza que xa lle dixen antes que non era así. A min gustaríame preguntarlle, porque na súa intervención di algo de competencias, primeiro a partida de limpeza é tamén a desinfección que nos puso a Xunta e tiñamos que facer nos colexios e noutras áreas pero sobre todo en colexios, a desinfección nunha crise sanitaria é competencia da Xunta de Galicia e nós asumímola pero hai que pagala. Segundo, que hai unhas área que non son da nosa competencia e que si que nos gusta moito traballar nelas e que niso non temos problema, nós estamos asumindo as competencias todas que necesitan os veciños e veciñas para que teñan os servicios necesarios, como moitos dos que estamos dando en tempos de pandemia, a ver se vostede se refire as competencias que non temos en emprego pero que estamos levando a cabo porque son necesarias e sobre todo, moito máis necesarias neste tempo? A ver se vostede se refire a que a Xunta de Galicia nos retira un PIE de máis de 300.000€ e llos dá a entidades empresariais deixando aos Concellos sen esa xestión de emprego, e sen esa xestión tan necesaria en tempos de pandemia? O mellor se refire a iso, porque na provincia de Pontevedra, que curioso, so deron un e a Mos; ou ao mellor tamén se refire as competencias de servizos sociais que ten a Xunta e que resulta que na Axuda no Fogar cuxo custe vai case a 19 euros e a Xunta paga dez e temos que asumir entre nós e as persoas usuarias o resto, ao mellor se refire a todas esas competencias que estamos asumindo e que non imos a renunciar a elas nin deixar de facelas porque a Xunta de Galicia non está asumindo as súas competencias, ao mellor se refire a todo iso. Gustaríame que me contestara, se quere, porque a verdade di que non ten tempo para contestarnos as dúas e insisto no que comentaba a Alcadesa, temos representación tanto o Partido Socialista como Movemento Salceda, lle guste ao Partido Popular ou non e temos un goberno lexítimo de dúas forzas políticas, lle guste ao Partido Popular ou non. Estou un pouco chea cada día de escoitar sempre o mesmo, se as intervencións non chegan, que si hai unha lei mordaza, que si non somos transparentes, pero todo o que estamos facendo está en base a Lei. Non vou engadir nada máis, si insistir en que son os mellores orzamentos da historia de Salceda, insistir en que duplicamos os gasto social, insistir en que se aumentan as partidas de emprego e de educación, insistir en que se aumentan as partidas dadas en subvención nominativas a asociacións, insistir en que se fai unha liña de axudas ás traídas de augas, insistir en que este é o mellor orzamento que se trouxo no Concello





de Salceda e que o Partido Popular non lle gusta por iso fala de todo menos do orzamento.

**Sra. Pereira González:** Matizar a frase coa que rematou Verónica, que dixo que o Partido Popular non lle gusta, non é que non lle guste, é que non lle gusta recoñecelo. De verdade Joaquín, se pasa as intervencións dicindo que non lle da tempo, que son escasas, que é un Regulamento morzada, preparar o pleno consiste precisamente en axustar o que vostede considera importante do punto, ou o que vostede quere dicir ou transmitir aos veciños aos tempos que están marcados, se dedica o tempo a falar doutras cuestións, claro que non lle chega para falar do orzamento. Nesta última quenda pasouse do tempo estivo falando do regulamento e estivo falando do IBI e sobre todo cando do IBI presentaron unha moción para debatir despois, ou quere que debatamos agora a moratoria? Presentaron unha moción que debateremos despois o tema da moratoria. Quedoume sen contestar na primeira quenda, o colexio Altamira como vostede saberá ademais da subvención nominativa se invirte ao longo do ano un montón de diñeiro en tarefas de mantemento, cousa que no IES non se fai por iso é a diferenza. En canto ao gasto social que non lle gusta recoñecer que se incrementa, dalle volta aos número, aplica o REC, suma, resta para dicir que non incrementa, ou porque sea do exercicio pasado xa non é gasto social? Claro que é gasto social e o mesmo cos investimentos, 250.000€ non son investimentos, claro que son investimentos con fondos propios, ou non son investimentos realizados? Insisto no resume que igual facía a compañeira Verónica non o vou a repetir, creo que son uns bos orzamentos, creo que veñen nun prazo prudente e en canto á previsión do ingreso chegou no momento que estabamos rematando os orzamentos, como vostede ben ve nos prazos e en base as conversas e aos e-mails mantidos neses días coa Xerente do Catastro, vémonos na disposición de incrementar 800.000€, conversas e e-mails que foron suficientes para a interventora non sei porque pero para o partido popular non o son. Unha mágoa que non faga un recoñecemento ao bo orzamento que traemos en esta ocasión.

**Sr. Núñez Troncoso:** Repítolle á Sra. Verónica, se me deran vostedes unha hora podemos falar aquí unha hora do orzamento, pero como verá con tres minutos ou cinco minutos ou dez minutos é imposible e máis cando traemos un tema importante como é o IBI, o roubo que lle está facendo aos veciños lle guste ou non lle guste, para vostede falar do IBI non é importante, irlle aos bolsillos aos veciños non é importante, senón falamos de publicidade e propaganda dos vídeos propagandísticos. A limpeza lle siga dicindo que é competencia do Concello, lle guste ou non lle guste. Ultimamente aquí houbo un programa integral de emprego, sabe canto é a aportación da Xunta para este orzamento? Ten 846.000€ por un lado, a parte das subvencións que vaian aparecendo durante o exercicio. Plan de rescate á hostelería 49.000€ canto aportou o Concello? Plan de mellora de camiños, 37.000€ e podía haber máis se vostedes cando nós presentamos a moción para instar ao goberno central que nos dera os cartos recadados do IVA do 2018 ao mellor ata podíamos ter máis inversión da Xunta, e a parte os servizos fixos como hai de educación ou de

sanidade, polo tanto apoie vostede á Xunta na súa reclamación como fixeron outras autonomías e non se me escuse vostede que a Xunta non inverte, apoie vostede a Xunta para que o Estado nos dé os cartos que nos corresponde.

Sra. Lucía, tamén lle volvo a dicir a vostede, como imos a falar do orzamento se non hai tempo, vostede sabe cantos folios ten este documento, vostede pensa que este documento se pode resumir en dez minutos? Ou en cinco ou en tres? Dígalle aos veciños cantos folios ten este expediente. Gasto social, onde está o incremento de servizos, se vostedes están renunciando a horas que lle está ofrecendo a Xunta, en dependencia están renunciando a horas, onde están vostedes incrementando o servizo? Como, se incrementa o prezo/hora e despois onde esta estipulado-regulado que parte de financiación lle corresponde a Comunidade Autónoma, que parte lle corresponde ao Concello e que parte lle corresponde aos usuarios? Me queren dicir onde está a norma onde está regulada a porcentaxe de financiación das tres partes? Comunidade autónoma, Concellos e usuarios me quere dicir vostede a norma? Ata o 1 de xaneiro a hora da lei de dependencia era de 14,30€ dos cales a Xunta aportaba 9,70€ e o resto entre o usuario e o Concello, polo tanto a Xunta ata o 31 de decembro estaba aportando un 67%. Espero que me contesten en que norma está regulado a aportación que ten que facer cada unha das tres partes.

O noso voto vai ser loxicamente en contra. Xa me gustaría debater unha hora, dúas ou tres pero como temos o Regulamento mordaza, sei que non lle gusta a palabra, pero e a tal, é a idónea para o que está pasando aquí dende fai un ano e oito meses e aínda sendo o grupo maioritario, un 43% dos veciños, pero non interesa que haxa voz, non interesa transparencia, non interesa que os veciños coñezan funcionamento do Concello e onde o goberno gasta os cartos, aquí imos a cortarlle o micro a oposición, e canto menos se interesen os veciños mellor, esa é o outro xeito de gobernar.

**Sra. Tourón Domínguez:** Gustaríame preguntarlle, en relación coas competencias que vostede fala, se a Xunta paga un 67%, si estou de acordo cada un ten unha porcentaxe, pero de quen é competencia dos servizos sociais? Da Xunta de Galicia, de quen é competencia o emprego? Da Xunta de Galicia. Estame falando das aportacións que fai a Xunta de Galicia ao Concello de Salceda como fai ao resto dos Concellos, eu das que estou falando é das que nos está retirando en emprego e en servizos sociais e en outras cuestións que son super importantes, nos tempos que estamos vivindo, ou de eso non lle gusta falar ao Sr. do Partido Popular? Non teño nada máis que dicir nestes orzamentos, noraboa Lucía, noraboa ao equipo de tesoureira e de intervención. Claro que Lucía coñece o número de folios que ten este expediente, pois traballou nel, cousa que ao mellor debería facer o Partido Popular e en vez de chegar ao pleno e pretender que no pleno se lle solucionen todas as dúbidas, se o estudiaran como deberían estudar ao mellor aquí eran capaces de limitarse ao tempo que temos cada un, como facemos os demais.

Creo que hoxe é un momento importante, uns orzamentos como estes eran necesarios para Salceda, conseguímolos e seguiremos traballando para mellorar, que



por suposto todo é mellorable.

**Sra. Alcaldesa:** Tócame pechar este punto, o faría para felicitarlos a todos e a todas, pois en definitiva nos gobernamos, somos un equipo de goberno, sacamos a diante estes orzamentos, pero é que contempla moitísimas cousas que viñeron sendo solicitudes que viñan no programa dos tres partidos que formamos a Corporación, debería ser un día de alegría para todos e todas, pero como dixo Joaquín, parece ser que para o Partido Popular só un tema e o tema é o IBI. Adoito ser respectuosa e ordenada nas miñas quendas de intervención e tiña pensado que seguramente a moción a defendera Tivo, replicarlle a Tivo e entrar no debate contigo pero Santi na súa primeira intervención como Joaquín agora utilizaron as súas quendas para deixar falsedades no aire e evidentemente xogando cos tempos, sabendo que é un pleno largo e tedioso e que probablemente moitos dos veciños e veciñas que nos escoiten non cheguen ao final desta sesión, que será cando debatamos a moción, polo tanto véxome na obriga de facer algunhas aclaracións, porque ademais creo que nos últimos días imos a ter que repetilas sistematicamente. Xa llo explicou a compañeira Lucía, o Ministerio de Facenda a través da Xefatura Territorial de Catastro iniciou e comunicou ao Concello fai uns días de xeito unilateral, que lle quede claro, o procedemento simplificado de valoracións dos solos de natureza urbana. Esta revisión non se leva a cabo en Salceda simplemente, en Porriño, Mos e Bueu, vos sabedes, sodes coñecedores, no caso de Salceda temos unhas ponencias moi antigas, as de Salceda son de 1982 e as normas subsidiarias do 1997, lémbrolles que non temos Plan Xeral, non foi respaldado pola oposición aló no 2016. De verdade comparto con vostedes que non é o momento, non é bo momento, atravesamos unha situación complexa sanitariamente, economicamente e que será moito peor, seguramente, pero todos e todas sabíamos que isto ía chegar. O goberno e esta Alcaldesa foi sensible dende o momento do comezo 2020-2021, conxeláronse as taxas e os impostos municipais, tendo precisamente consideración a esta situación que vos dicides que somos insensibles a ela. Vólvolle a recordar se quere, a venda ambulante, as terrazas, incluso se cronificaron, sodes coñecedores, xa se vos deu moitas explicacións sobre o traballo feito, repito, conxelamos taxas e impostos no 2020-2021 sendo conscientes desta situación e por certo, temos familias, sabemos cal é a problemática nas nosas casas, ou pensan vostedes que somos alleos ao que está acontecendo? A min me doe profundamente que traten de enganar aos veciños e ademais aproveitando as quendas que lle dou para simplemente facer iso, enganar aos veciños con ideas trampas, con eses pronunciamentos que fan nas súas variadas redes sociais, de verdade que me doe que fagan iso. Falan vostedes de moratoria, eu respecto esa iniciativa, está ben que mire neste Concello e noutros de traer as iniciativas que parezan máis acaídas, pero temos que ser serios, a moratoria é unha fórmula de aprazamento, o recibo vai chegar tarde ou cedo vai chegar. Nos falamos con Xerencia de Catastro, témolo claro, é un proceso irreversible, a Lei 13/2015 de 24 xuño obriga a esa regulación, como dixo a compañeira Verónica unha Lei aprobada polo Partido Popular. Os expedientes deste proceso xa están cargados, non se poden parar legalmente, non hai marcha atrás segundo nos comunicou a Xerencia de



Catastro. Mantivemos unha reunión pouco despois da Comisión, o luns pola tarde, de verdade non fagan populismo do fácil, de enganar a xente. Os veciños e veciñas saben que poden solicitar o aprazamento de maneira personal cando toque, cando chegue o momento e máis, eu levo falado estes días coa xente, moitos deles están en disposición de querer asumir o cobro para non ter perigo nos intereses de demora, vostede está xogando coa xente.

Fálase de paralización, isto si que me sorprende moito, paralización do proceso, o Sr. Joaquín traballa en Facenda, coñece perfectamente que cando un procedemento está en marcha e que os expedientes están xerados non hai volta, a que neste momento a Xerencia Tributaria está levando adiante un montón de inspeccións simultáneas nas que xa ten creados eses expedientes e non hai marcha atrás. Por moito que se solicite unha moratoria hai se ser realistas, sexan realistas, dean información pero veraz e aporten solucións das boas. Nas vindeiras semanas chegarán as notificacións de catastro, segundo nos informou tamén a Xerente o día 5 de marzo, a partir desa data será cando se envíen esas notificación a cada titular e haberá un mes para presentar recursos e si, esta Alcaldesa e todo o seu goberno, o equipo enteiro, fixemos os deberes. Vostede di que somos insensibles, falan sen criterio, creo que sería máis sensato preguntar que estamos a facer e arrimar o hombro.

O Goberno e a Alcaldesa fixemos os deberes, buscamos solucións sen intentar enganar, coa verdade por diante. A primeira medida, a creación do departamento de atención á veciñanza, situáremolo no edificio do Concello na planta 3ª onde estaba ubicada a matrona, é un espazo amplo, alí catro persoas estarán ao servizo de asesoramento a toda a veciñanza afectada por este inicio deste proceso de catastro. O asesoramento do Concello irá encamiñado a que eses recursos teñan unha argumentación xurídica válida e así si que se consegue axudar a veciñanza. Segunda medidam xa estamos realizando un estudo para a redución do tipo impositivo, evidentemente cun traballo serio, previo informe de intervención e de secretaría como procede, seriedade e sendo ecuánime e tendo en conta sobre todo a renda das persoas. Antes o comentou Verónica, buscando a proporcionalidade, iso é como hai que facer o traballo con seriedade, defendendo aquelas persoas que máis o necesiten. Por último a terceira das medidas, xa estamos traballando na modificación da ordenanza, precisamente para engadir esas bonificacións que creemos que van a beneficiar a aquelas persoas que máis o necesiten, modificación da ordenanza que pronto vos anunciaremos.

Eu teño claro que vostedes queren centrarse en facer demagogia, seguro que non se conforman coas solución que plantexamos e eu lle pido que o que temos que facer é traballar xuntos/xuntas para defender a veciñanza, aportando solucións, pero solucións de verdade, que se poidan aplicar, que se sexan realistas. Négame a nomear sempre a Alcaldesas ou Alcaldes de outros Concellos forma, lévome ben con todas e todos independentemente da cor política, pero xa que mencionaron tantas veces a Mos puideron asesorarlle a Mos que baixara o tipo, que o noso é de 0,5 e o de Mos é



de 0,7, unha medida moi boa para a veciñanza sería baixar o tipo por exemplo a 0,50 como ten Salceda, digo eu, que eu non estou aquí para dar exemplos a ninguén. Temos claro que imos a traballar para defender os intereses da veciñanza en un proceso que nós non levamos a cabo e que repito foi tomado de modo unilateral. Paso a leer a proposta de acordoseguinte para someter a votación:

*“Formado o Orzamento Xeral deste Concello correspondente ao exercicio económico 2021, así como, as súas Bases de Execución e o cadro de persoal comprensivo de todos os postos de traballo, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.*

*Visto o Informe de Secretaría núm. 2020-003 de data 15 de febreiro sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.*

*Visto e coñecido o contido do informe da Interventora municipal núm. 2020-0029 de data 15 de febreiro.*

*Visto o Informe de Intervención municipal núm. 2020-0030 de data 15 de febreiro do cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e do obxectivo de débeda.*

*Vista a competencia plenaria para a aprobación do orzamento municipal, segundo o exposto no artigo 22.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.*

**PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral deste Concello, para o exercicio económico 2021, xunto coas súas Bases de execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

**ORZAMENTO DE INGRESOS**

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Impostos directos	2.277.500,00
2	Impostos indirectos	50.000,00
3	Tasas e outros ingresos	648.340,00
4	Transferencias correntes	3.022.591,80
5	Ingresos patrimoniais	3.000,00
<b>OP. CORRENT</b>		<b>6.001.431,80</b>



6	Enaxenación de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
OP. CAPITAL		0,00
TOTAL PTO.		6.001.431,80

ORZAMENTO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Gastos de persoal	1.820.569,30
2	Gastos de bens correntes e servizos	3.193.741,40
3	Gastos financeiros	9.600,00
4	Transferencias correntes	332188,11
OP. CORRENT		5.356.098,81
6	Investimentos reais	491.749,23
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	153.583,76
OP. CAPITAL		645.332,99
TOTAL PTO.		6.001.431,80

SEGUNDO. Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual.

TERCEIRO. Expor ao público o Orzamento Xeral, as Bases de Execución e cadro de persoal aprobados, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

CUARTO. Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación."

**VOTACIÓN:** Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por SETE votos a favor do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE (3) e SEIS votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular, adoptándose o seguinte

**ACORDO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral deste Concello, para o exercicio



económico 2021, xunto coas súas Bases de execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

#### ORZAMENTO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Impostos directos	2.277.500,00
2	Impostos indirectos	50.000,00
3	Tasas e outros ingresos	648.340,00
4	Transferencias correntes	3.022.591,80
5	Ingresos patrimoniais	3.000,00
OP. CORRENT		6.001.431,80
6	Enaxenación de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
OP. CAPITAL		0,00
TOTAL PTO.		6.001.431,80

#### ORZAMENTO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1	Gastos de persoal	1.820.569,30
2	Gastos de bens correntes e servicios	3.193.741,40
3	Gastos financeiros	9.600,00
4	Transferencias correntes	332188,11
OP. CORRENT		5.356.098,81
6	Investimentos reais	491.749,23
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	153.583,76
OP. CAPITAL		645.332,99
TOTAL PTO.		6.001.431,80

**SEGUNDO.** Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual.

**TERCEIRO.** Expor ao público o Orzamento Xeral, as Bases de Execución e cadro de persoal aprobados, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, a efectos de

*presentación de reclamacións polos interesados.*

**CUARTO.** *Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.*

**Expediente 285/2021. Aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 1/2021.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria  
A favor: 7, En contra: 6,  
Abstencións: 0, Ausentes: 0

**Sra. Pereira González:** O expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos non se contempla como un tema en que aumenten as quendas porque é un expediente moi sinxelo, por moito que se empeñen en dicir que é complexo é un dos expedientes máis sinxelos que veñen a pleno, listado de facturas a pagar, informe de intervención e proposta de Alcaldía, nada máis , que o listado sexa grande si, pero non pretenderá que nos vaíamos a ler as mil facturas que hai no pleno, ao mellor quere adicar os dez minutos a iso, a ler as facturas ou a falar do IBI, seguramente.

O recoñecemento extraxudicial de crédito é un procedemento que nos permite pagar facturas dun exercicio anterior imputadas con cargo ao orzamento seguinte, trátase de facturas que no momento que foron presentadas non tiñan crédito suficiente nas partidas correspondentes e polo tanto hai que imputalas ao orzamento seguinte. Unha vez que iniciamos o ano 2021 e temos crédito nas partidas correspondentes estamos en disposición de aprobalas, pero por tratarse de facturas do exercicio anterior teñen que pasar esta aprobación plenaria. Este primeiro recoñecemento extraxudicial de crédito por 1.423.441,46€, establécense tres listados. O primeiro listado é o máis amplo, 1.314.529,03€, corresponde a gasto corrente do exercicio 2020, gastos de enerxía eléctrica, gastos de telefonía, gastos de servizo de axuda no fogar, gastos de limpeza, gasto de reparacións, de mantemento de vehículos, de distintos asfaltados, gastos ordinarios do día a día do Concello e que non tiñan crédito no momento que se presentaron. Un segundo listado das facturas que entraron en xaneiro pero corresponden a exercicio 2020 como son exclusivamente as facturas da empresa SOCISER polo servizo de axuda no fogar. Neste caso é unha relación de 108.859,63€ e que se suman a outras facturas que hai no outro listado e que ascende a máis de 300.000€ o gasto do servizo de axuda no fogar. O Partido Popular pediu que se incluíse un listado con máis datos dos que tiñamos inicialmente, era máis simple, só tiña o nome da empresa, o concepto e os importes, se incluíu o listado con máis datos e pediu un serie de facturas que se incluíron tamén. As facturas todas teñen a conformidade dos Concelleiros, as facturas teñen crédito na partida na que se ten que imputar o gasto, nas contas hai liquidez para facer fronte ao pago e polo

tanto non hai nada que impida que fagamos este pago e máis, é nosa a obriga de pagar aos provedores polo traballo feito. Quixera facer mención aos 300.000€ do servizo de axuda no fogar que se van a sumar aos 600.000€ previstos para este ano e que ocupan case 1.000.000€ do orzamento. A Xunta de Galicia nos da máis horas si, pero cunha fórmula un tanto rebuscada a Xunta convida as horas pero noós as pagamos. Ben é certo que despois se financian pero o coste inicial o ten que asumir o Concello senón porque o Concello ten que dedicar 1.000.000€ ao servizo de axuda no fogar? Esa é a realidade, vostede cree que o Concello pode asumir máis dun millón de euros do servizo de axuda no fogar? Simplemente dicir que as facturas todas teñen crédito, son servizos realizados e servizos necesarios e non temos máis obriga que pagalas.

**Sr. Núñez Troncoso:** Se a vostede lle parece que cinco minutos é suficiente, lémbrolle que este expediente é recoñecer as facturas e o gasto, as facturas son 1441, se vostede cree que son suficientes cinco minutos, pois apaga e vámonos. Falaba vostede da Xunta, das horas, pero o Concello non recibe liquidacións trimestrais da Xunta? Recibe o ingreso pero sen embargo ten as facturas de SOCISER dende abril sen pagar, ou sexa recibiu os cartos da Xunta, financiamos non sei que outras cousas pero á empresa non lle paga, esa é a realidade Sra. Concelleira.

Temos un recoñecemento por 1.423.000€ máis o que está pendente de vir que se nos dixo que é sobre 240.000. Temos un recoñecemento de 1.664.000€, facturas que deixaron sen pagar do ano 2020, dí vostede que hai partida, home se a 22 de febreiro non hai partida entón apaga e vámonos. Isto representa que se van a trincar ao orzamento que se vostedes acaban de aprobar un 27,74% e do gasto corrente se van a trincar un 52,11%, dos 3.123.000€ que vostede dixo antes, pois a metade xa van para este recoñecemento, ou sexa, imos ter gasto corrente máis-menos 1.600.000€ insuficiente, o dí a interventora no seu informe, mire voulle a ler o que di a intervención *"A maioría das facturas e gastos obxecto de recoñecemento extraxudicial que nos ocupan carecen de todo tipo de tramitación administrativa e contable e respecto dos cales non consta a xustificación da súa necesidade, fiscalización e autorización previa do gasto"* sigo lendo o informe de intervención *"os gastos que se conteñen na relación anexa, na súa maioría, son gastos reiterativos, respecto dos que esta Intervención se ven pronunciando en sucesivos informes, pronunciamentos que se dan aquí por reiterados, cos reparos formulados ao respecto"*. Polo tanto este realmente non é un recoñecemento extraxudicial como o di a figura de excepcional, non é excepcional, aquí xa hai gastos reiterativos, practicamente se deben facturas en todas as áreas, seguro do megane, policía local dende 1 de xullo sen pagar, respecto aos seguros ata agora estaban distribuídos entre as diversas axencias de seguros do Concello e agora vostedes decidiron adxudicalos a través da FEPMP, iso tamén se chama apoiar ao comercio local, Sra. Alcaldesa. Seguro do Patrol desde o 22 de febreiro sen pagar, seguro do Citroen C4 dende o 24 de xullo; citroen C5 seguro de vías e obras desde o 5 de xuño; seguro da pala desde o 7 de xullo; seguro do ZX desde o 21 de xullo; reparación do camiión do lixo de abril e maio sen pagar; seguro do

camiión do lixo Nisan e Renault, dende o 1 de xuño sen pagar; servizo ao fogar máis de 300.000€ dende abril sen pagar, e eso que o Concello ingresa as liquidacións trimestrais da Xunta de Galicia.

Sra. Verónica, que vai dicir vostede agora cando antes dicía que 200.000€ era unha barbaridade? 200.000€ é unha barbaridade o que está sen pagar a axuda no fogar pero 300.000€ no, verdade? Botamos en falta que non se debe nada por obra de saneamento e sabe porqué, porque unha necesidade básica non se fixo un só metro, nin un só metro, non se debe nada en publicidade nin propaganda, 95.000€ que gastaron o ano pasado non deixaron nada pendente sen pagar, non vaia a ser que non lle fagan os vídeos ou que non saian na prensa. Que pasa co cumprimento da lei de contratos que tanto criticaba Verónica cando estaba na oposición, con razón, que se sigue incumprindo? Aquí hai facturas neste recoñecemento que están ao borde do límite que son 40.000€, facturas varias por 36.000€, hai incumprimento porque se está fraccionando a obra e vostede o sabe e permite que se siga facendo.

Sres do goberno isto é unha autentica irresponsabilidade, tanto da Alcaldesa como do goberno por enteiro, ata agora xa sabíamos o xeito de gobernar de Movemento Salceda pero Sres. do PSOE, este é o outro xeito de gobernar que vostedes propoñían? Dee verdade que é este? A verdade é que cando vostede dixo certas cousas que é indignante escoitar as cousas que dixo, cando queira poña vostede un debate sen limitación de tempo e falamos do IBI, da liquidación da Axencia Tributaria do que vostede queira, agora, non limite o tempo.

**Sra. Tourón Domínguez:** Como xa dixen no Pleno da RPT non vou a seguir entrando a debate co compañeiro do PP sobre a miña persona, sempre lle encanta nomear a Verónica Tourón en todos os debates teñan que ver ou non teñan que ver coas áreas que leva esta Concelleira, eu voume a limitar a defender o que traemos hoxe a pleno. Como explicou a compañeira Lucía hai un importe de facturas que pertencen ao 2020 que foron servizos executados e que hai que pagar, agora mesmo estamos en dispoñibilidade de facelo porque hai crédito efectivamente e non hai nada que impida pagalas e iso é o que traemos hoxe a pleno, ni máis nin menos, queiran darlle o debate que lle queiran dar os compañeiros do PP. En canto ao a que non traemos ningunha débeda en saneamento eu creo que deberían mirar porque si que as hai, porque se fixo, efectivamente nós si realizamos algúns tramos de saneamento, lle pode dicir por exemplo, con fondos propios, a conexión do Centro de saúde novo, lle o bombeo dunhas cuantas casas en Casás, o saneamento dunha instalación municipal como a do Penedo Redondo. Este equipo de goberno si pode dicir que invertiu en saneamento con fondos propios e o que tamén pode dicir que a Xunta perdeu os proxectos que tiña para Soutelo de saneamento tan necesarios con fondos propios devolveos e non executalos.

En canto aos tempos tivemos hora e media para debatir os orzamentos, máis de hora e media, ese foi o límite e a mordaza que este equipo de goberno lle pon ao



compañeiro do Partido Popular, senón o utilizou ben ala vostede, pero máis de hora e media estivemos debatendo os orzamentos. Aos provedores hai que pagarlles, é verdade que hai cousas que se poden mellorar, de feito como din os informes estamos mellorando nas licitacións e estamos mellorando no pago, e o que si ten que ter en conta o PP, que non pode pretender que demos servizos como o de axuda ao fogar coas aportacións que fai o Concello ou moitos outros servizos cun IBI desactualizado dende o 1989, é dicir, os servizos ao final hai que prestalos e no 1989 Salceda tiña 5.938 habitantes e hoxe ten 9.200 e unhas necesidades totalmente distintas as que tiña nese ano. Volvo a repetir o que dixó a Alcaldesa antes, este proceso parte do Ministerio de Facenda parte de Catastro e non é só ao noso Concello, é Mos, Porriño e Bueu tamén, entón non enganen aos veciños, non quiten o tema continuamente temos unha moción para debater despois e aproveitemos a debater cada punto no seu momento.

**Sra. Pereira González:** Resúltame curiosa a política económica do Partido Popular, aínda non acabei de entendela ben, porque se aumentamos ingresos parécelles mal, pero parécelles mal tamén que nos excedamos do gasto previsto. Comprenderá vostede que un orzamento de 5.000.000€ para os servizos que presta Salceda é moi escaso, ou aumentamos o orzamento ou nos pasamos de gasto. Vostede topa en este listado de máis de mil facturas, facturas innecesarias? Supoño que non porque senón xa o tería nomeado no primeiro momento, todas elas son gastos necesarios. En canto a acusación de bordear o límite da Lei de contratación, non me gusta que faga esas acusacións en pleno, non é a primeira vez que deixa ver cousas polo estilo, neste Concello a Lei de Contratos cúmprese escrupulosamente e se vostede quere afirmar que non se cumpre ou que se bordea xa sabe o ten que facer e onde ten que denunciálo, non deixalo caer no pleno. A Lei de Contratos se cumpre, outra cuestión é o que lle di o informe de intervención respecto do procedemento de contratación dos contratos menores, é certo que para facer calquera tipo de contratación o Concello ten que facer un decreto, unha retención de crédito, unha proposta de gasto, un decreto de adxudicación, vostede comprenderá que cos medios humanos que hai neste Concello se imos a facer iso por cada gasto faríamos ben pouco ou nada, faise nos casos que é necesario e faise nos casos nos que os importes efectivamente para cumprir a Lei de contratos hai que facelo, pero no gasto diario non pode pretender que o fagamos porque non o facemos nós nin o fai ningún Concello. Evidentemente a Interventora pono porque si, porque é o que marca a Lei, porque estaría moi ben que antes de facer cada gasto fixésemos unha proposta de gasto, unha retención de crédito, unha adxudicación pero vostede sexa realista na práctica do día a día non se pode facer iso.

Publidade e propaganda é o título que o programa de contabilidade lle da, vostede sabe perfectamente que nesas partidas se pagan patrocinios aos nosos deportistas, patrocinios a eventos deportivos, se usa esa partida para moitísimas cousas, ese é o título que o programa lle dá e a vostede lle encanta meter a cuña e publicidade e propaganda e autobombo, autobombo non aparece en ningún lado.





Como digo, un listado de máis mil facturas, son gastos necesarios para o funcionamento deste Concello e gastos que se nos van máis alá do orzamento porque é un orzamento escaso, é así é a realidade, un orzamento de cinco millóns para un Concello con 10.000 habitantes para os servizos que se prestan en Salceda, cinco millóns son escasos e nos pasamos, pero claro, a vostede lle parece mal se incrementamos os ingresos, explíqueme como farán.

**Sr. Núñez Troncoso:** O tipo do IBI que ten Mos non é 0,70 e o 0,50, vostede dixo o 0,70 e eso chega aos oído dos veciños e os están manipulando. Verónica dicía que falamos unha hora e media dos orzamentos, eu non falei unha hora e media, quen máis falou foi vostede a Alcaldesa e Lucía, eu non intervín unha hora e media vostedes si, tres. Lucía non dixo vostede nada do informe de intervención e é con reparo, agora que cando é favorable o repite catro ou cinco veces. A política económica que ten que facer este goberno é mellor xestión, habería que eliminar en gastos xurídicos, por certo gastos contra os traballadores do propio Concello algúns no Tribunal Supremo, catro ou cinco están pendentes do Tribunal Supremo. En gastos de publicidade e propaganda nunca dixemos que haxa que eliminar esa partida integramente, pero 93.000€ creo chega e de sobra, creo que se podería reducir ou que dicir do coste do goberno, temos o coste do goberno máis alto de Galicia tendo en conta o nivel do orzamento e a poboación. Lei de contrato que non incumpre, non sei se vostede lee os informes de intervención, quero pensar que si, é reiterativo cando fala do incumprimento da Lei de contratos, a súa compañeira Verónica o sabe perfectamente e vostede tamén o sabe, que se está incumprindo a Lei de contratos, se incumpría antes e se incumpre agora. O Partido Socialista pensa que vou en contra pero non é a si, pero é verdade que antes tiñan unha opinión acertada ou non pero agora teñen todo o contrario, eu entendo que se poida pasar dun negro a un marrón oscuro pero pasar de negro a branco é un pouco complicado. Creo que habería que ter un pouco máis de dignidade política e sobre todo, a mensaxe que se transmite, cando se ten un criterio haberá que mantelo estea na oposición ou estea no goberno, así o concepto que teñen os veciños dos políticos é o que é, porque unha vez que está na oposición dicimos unha cousa e cando gobernamos é todo o contrario e a imaxe do políticos, en parte a mala imaxe que teñen é esa, que non teñen un criterio propio, según o día que chova teño un criterio.

**Sra. Tourón Domínguez:** En canto a axuda no fogar a compañeira de Facenda xa lle dixo claro nin 200.000€ eran moitos, nin 600.000€ eran moitos, estou de acordo con vostede, pero como xa lle dixo a Concelleira de Facenda que con este recoñecemento poñemos a partida ao día e a cero. Non lle gusta quizais por iso, porque quizais nos poñemos ao día e vaille faltar esta retaiña que din en todos os los pleno, sexan orzamentos, sea REC, sxa o que traíamos que sexa económico. Unha vez que nos poñemos ao día ao compañeiro do Partido Popular non lle gusta, ao mellor é como dí a compañeira de Facenda, o mellor non é que non lle guste, é que non lle gusta recoñecelo.





En canto a cumprir ou non cumprir a Lei de contratos a compañeira Lucía xa lle dixo exactamente que se cumpría a Lei de contratos, que no día a día había cousas que non se podía facer porque non había medios humanos e esa é a realidade, non hai medios humanos, temos que aumentar o persoal pero curiosamente o Partido Popular votou en contra da RPT na que se incluían once prazas máis para o Concello, que necesita para afrontar os servizos que a cidadanía actual. É verdade que está moi ben estar na oposición, digo unha cousa e non darse conta que cando se goberna nas institucións a cousa é diferente e debe ser consciente de que non pode pedir máis servizos, non pode pedir mellor traballo sen persoal, e resulta que cando nós propoñemos traer unha RPT vostedes votan en contra.

En canto ao IBI de Mos ten o 0,7 en urbana e o 0,50 en rústica, nos temos o 0,5 en todo. Ao Partido Popular non lle gusta, pero o grupo socialista ten a representación que lle deron os veciños neste pleno e a ten e son a portavoz do Partido Socialista co cal vou utilizar os meus tempos, porque iso é o democrático e é o que debemos facer. Non lle gusta, xa sei que non lle gusta para nada nin que haxa este equipo de goberno pero somos Movemento Salceda e Partido Socialista e os dous temos os nosos tempos de intervención. En canto a si na oposición digo unha cousa e no goberno fago outra, non vou entrar a isto porque me di sempre o mesmo, pero non me di exactamente o que fago, voulle deixar unha pregunta, que lla deixo sempre e que nunca me responde, se o Partido Popular estivera no goberno pagaríalle aos provedores ou deixaríalle de pagar? Tería a responsabilidade de goberno de pagar polos servizos que os provedores fixeron ou dirían que non e non lle pagamos? Cal sería a decisión que tomaría o Partido Popular si estivera no goberno? E agora sei que se lle damos tempo a Santi me ía dicir que se non houbera un pacto de goberno con Movemento Salceda que o sabería, pero eu entendo que polo menos si que lle pagaría que é o que estamos facendo nós, a non ser que non quixeran pagarlle aos provedores.

**Sr. Núñez Troncoso:** Non sei se se pode ver ben pero IBI de Mos é 0,50 urbana, 0,40 rústica, igual o que estou vendo estou errado. Sra. Verónica, a RPT, se vostede era a que defendía aos traballadores a morte cando estaba na oposición, que lle pasaron a vostedes por esas mentes para cambiar de opinión rotundamente? Qué lle pasou, que transformación levaron? Se estaban a morte cos traballadores que dicía que era unha caza de bruxas, lémbrese dese pleno, de golpe e porrazo cambioulle o concepto, vostede mesma se contradí. En canto a pregunta lle volto a repetir o mesmo, se vostede non traicionara aos votantes agora mesmo tería a resposta ao que faríamos nós respecto a un recoñecemento extraxudicial e nós nunca dixemos que non haxa que pagarlle aos provedores, nin que os provedores fixeran mal o traballo como vostedes lle están informando aos provedores, nunca o dixemos, o que criticamos é a forma que teñen vostedes de xestionar o orzamento, encargan traballos a sabendas que non poden pagarlle e o recoñecemento extraxudicial é para casos moi concretos de emerxencia, para que nos entendan os veciños, non para o que vostedes o fan,



senón o informe de intervención como lin antes o di ben claro, non o di o Partido Popular, son os mesmos gastos reiterados nos tempos e non son gastos excepcionales.

**Sra. Tourón Domínguez:** Non lle vou permitir que diga que traicionei á veciñanza, eu non traicionei, nin eu nin o Partido Socialista a veciñanza, vostede pensa os veciños e veciñas que votaron ao Partido Socialista era para que gobernara o Partido Popular?, digo eu porque ao mellor vostedes pensan que a veciñanza que nos votou a nós era porque quería que gobernara o Partido Popular. Creo que non, co cal non traicionei a ninguén porque en ningún momento dixen que ía deixar gobernar o Partido Popular. En segundo lugar, a RPT xa llo dixen no pleno do venres pasado, a RPT é o mellor que lle pode pasar á veciñanza de Salceda e aos traballadores do Concello, lle guste a vostede ou non lle guste a vostede, é verdade que ao mellor a RPT dunha maneira ou doutra lle pode gustar máis ou lle pode gustar menos, pero unha RPT para o Concello é o mellor que lle pode pasar aos traballares, é o mellor que lle pode pasar a veciñanza de Salceda, porque se vai poder dar mellor servizo e para iso é para o que estamos todos aquí, para dar mellores servizos e para mellorar a vida das persoas. Eu lle digo que cando teña tempo mire o programa do Partido Socialista no que este partido se comprometía durante esta lexislatura a aprobar unha RPT e un convenio laboral, co cal cumprimos con aprobar a RPT e imos camiño de facer un convenio. Non lle gusta tampouco cando cumprimos, a verdade é que ao Partido Popular non lle gusta absolutamente nada do que facemos nós. Temos escrito no programa electoral no que poden comprobar todos os veciños e que agora me acusa de que estamos facendo o contrario do que dixen, este partido comprometeuse a aprobar a RPT e o Convenio laboral e iso estamos facendo, e nos comprometemos electoralmente coa veciñanza e cos traballadores nas reunións que tivemos primeiro como partido e unha vez que formamos equipo goberno.

**Sra. Alcadesa:** Antes de dar lectura a proposta dicir o que xa dixo Lucía, existe crédito, os traballos realizáronse, por certo se tivo ocasión de revisar unhas de esas facturas son rogos que o Partido Popular plantexa en diferentes sesións plenarias, porque saben pedir pero claro, logo hai que facer e logo hai que pagar. As facturas están conformadas, e como non ía ser doutro xeito imos pagar aos provedores. Tamén hai que dicir que ningún provedor deixou de traballar con nós, imos pagar, imos pagar agora, axilmente porque é necesario máis que nunca e o Pleno é o órgano precisamente que levantará o reparo do que fala intervención. Dou lectura a proposta de acordo que é a seguinte:

*“Resultando preciso recoñecer obrigas pendentes de aplicar ao Orzamento cando está constatada a efectiva prestación dos servizos e subministrados de bens e servizos por parte dos terceiros, e constan no expediente as facturas e documentos xustificativos acreditativos de cada un dos gastos debidamente conformadas polos responsables dos distintos órganos xestores do gasto.*

*Considerando que o artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, establece: "Corresponderá ao Pleno da Entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria..."*

*Visto o informe da Interventora municipal núm. 2021-0031 coa correspondente nota de reparo.*

*Considerando que o artigo 217.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (R.D. Legislativo. 2/2004, de 5 de marzo) atribúe ao Pleno da Entidade a resolución dos reparos formulados pola Intervención municipal cando é por insuficiencia ou inadecuación de crédito.*

*En atención ao exposto, PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte*

**ACORDO:**

*Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 1/2021 correspondentes a exercicios anteriores que se relacionan nos Anexos adxuntos no expediente núm. 285/2021, ascendendo a un total de 1.423.441,46 euros, aos efectos de dar aos mesmos a oportuna aplicación con cargo ao Orzamento do exercicio 2021, nesta data prorrogado do ano 2020; previo levantamento do reparo formulado ao efecto pola Intervención municipal."*

**VOTACIÓN:** Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por SETE votos a favor do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE (3) e SEIS votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular, adoptándose o seguinte

**ACORDO:**

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 1/2021 correspondentes a exercicios anteriores que se relacionan nos Anexos adxuntos no expediente núm. 285/2021, ascendendo a un total de 1.423.441,46 euros, aos efectos de dar aos mesmos a oportuna aplicación con cargo ao Orzamento do exercicio 2021, nesta data prorrogado do ano 2020; previo levantamento do reparo formulado ao efecto pola Intervención municipal.

**Expediente 2392/2020. Ratificación do Decreto núm. 2021-0132 de modificación dos pregos do contrato para a prestación do servizo de axuda no fogar (SAF) en canto á data de inicio do contrato,**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

**Sra. Ledo Souto:** Buenas noches a todos, este punto es una rectificación del Decreto por el cambio de fecha, porque la publicación no dio tiempo a hacerla antes, no depende del Concello, lo que aquí vamos a aprobar es la fecha en que va a entrar en vigor el contrato, la fecha de entrada del servicio será en vez del 1 de enero como estaba establecido del 2021 será a partir del día 1 del mes siguiente al que se efectúe la formalización del contrato, es decir, es un cambio fecha solo por los plazos de publicación y nada mas.

**Sra. Pérez Domínguez:** Boas noites a todos e todas, como ben dixestes vos e lle explicou a Secretaria aos meus compañeiros na Comisión informativa, vólvese a levar isto por un cambio de data simplemente, non temos nada máis que dicir que o noso voto vai a ser a favor.

**Sr. Rodríguez Canosa:** Pouco que engadir á exposición que fixo Gela, e como ben dixo Noelia, un cambio de data e polo tanto a rectificación.

**Sra. Alcaldesa:** Paso a dar lectura da Proposta seguinte:

*“Visto que mediante acordo plenario de data 29.10.2020 se aprobou, por unanimidade de votos a favor, o expediente de contratación, mediante procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, tramitación ordinaria, suxeito a regulación harmonizada, para a prestación do servizo de axuda no fogar (SAF) por un período de tres anos máis un de posible prórroga, así coma os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato.*

*Visto que nos sinalados Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares se establece como data de inicio do contrato o 01.01.2021.*

*Visto que, como consecuencia do retraso na publicación dos anuncios de licitación, no é posible dar cumprimento á data de inicio prevista, sendo necesario en consecuencia modificar o PCAP neste extremo, establecendo, como data de inicio do contrato, o día 1 do mes seguinte a aquel en que se efectúe a formalización do contrato.*

*Visto o disposto no artigo 122 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.*

*Visto que o anuncio de licitación non foi aínda obxecto de publicación e tampouco figura en consecuencia publicado o expediente de contratación e a súa convocatoria, polo que non é necesaria a retroacción do procedemento en relación a tales trámites.*

*Vista a urxencia de non demorar máis a tramitación do expediente de licitación, debido a necesidade de garantir a prestación dun servizo tan sensible como é o servizo de axuda a domicilio a persoas en situación de especial vulnerabilidade que non pode deixar de ser atendida e que actualmente está a ser prestado en situación de prórroga forzosa.*

*Examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,*

**RESOLVO:**

*PRIMEIRO. Aprobar a modificación dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato para a prestación do servizo de axuda no fogar (SAF) no que respecta á data de inicio do contrato, que será o día 1 do mes seguinte a aquel en que se efectúe a formalización do contrato, sen que se vexa afectada a duración do mesmo, que seguirá sendo un período de tres anos máis un de posible prórroga.*

*SEGUNDO. Proceder á publicación dos anuncios de licitación e do expediente de contratación nos termos dispostos no acordo plenario de data 29.10.2020.*

*TERCEIRO. Someter a ratificación plenaria a presente Resolución na primeira sesión que se celebre.”*

**VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes nesta sesión, adoptándose o seguinte**

**ACORDO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar a modificación dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato para a prestación do servizo de axuda no fogar (SAF) no que respecta á data de inicio do contrato, que será o día 1 do mes seguinte a aquel en que se efectúe a formalización do contrato, sen que se vexa afectada a duración do mesmo, que seguirá sendo un período de tres anos máis un de posible prórroga.

**SEGUNDO.** Proceder á publicación dos anuncios de licitación e do expediente de contratación nos termos dispostos no acordo plenario de data 29.10.2020.



**TERCEIRO.** Someter a ratificación plenaria a presente Resolución na primeira sesión que se celebre.

**Expediente 352/2021. Aprobación de “Proxecto de reurbanización da rúa Joaquín Fernández Sestelo (tramo entre o entronque das rúas Ador e Compostela)”**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

**Sr. González González:** Boas noites a todos os membros da Corporación e veciños que nos seguides a través do canle de youtube. Este tema que se trae aquí de completar a humanización da rúa Joaquín Fernández Sestelo que xa foi iniciada na anterior lexislatura, completamos o tramo que faltaba dende a última humanización que se fixo na Plaza da Devesa e imos a continuar ata o entronque da Rúa Compostela. A rúa da para o que da, porque son 10 metros de ancho, este deseño do casco urbano da Esfarrapada foi mal feito dende o principio e agora tratamos de paliar estas carencias de deseño nas humanizacións que imos levando a cabo xa dende o ano 2007 que houbo cambio de goberno en Salceda. A filosofía é a mesma de sempre, a mesma que queremos implantar no casco urbano, facer unha vila para as persoas, un casco urbano amable para os peóns e compatible co tráfico rodado, mellorando sempre a rodadura con sentidos únicos que se implantaron nas anteriores lexislaturas e eliminado aquel cazador de cruces que había antigamente. As beirarrúas pasan a ter un ancho máximo de 2.45 metros por un lado 2.15 metros por outro. Contemplamos para axilizar tamén o comercio da zonas uns aparcamentos pegados á beirarrúa esquerda baixando en sentido descendente, unha zona de aparcamentos e unha zona de carga e descarga para darlle servizos a aqueles negocios, como dixen de 2.40 quedando unha rodadura de 3.10 metros, pensamos que é suficiente para o tráfico e os autobuses que pasan por aí. Os materiais seguen sendo os mesmos que nas últimas humanizacións que fixemos, continúan co tratamento do pavimento, das beirarrúas, o tratamento da zona do aparcamento, a rodadura por suposto vai en asfalto, continuamos co mesmo tratamento que ven dende a Plaza do Concello hacia arriba en sentido ascendente e similar ao entronque da rúa Compostela, que tamén que xa está humanizada e ao entronque da rúa Rafael Tilve coa rúa Coruña e Compostela que tamén xa está humanizada. O tratamento vai ao mesmo tempo unha tipoloxía marcada para estas humanizacións, imos procurar respectala para dar unha idea do conxunto urbano, unha idea de mellora de conxunto. A intervención abrangue máis ou menos unha actuación de mil metros cadrados dende o entronque da rúa Ador ata a rúa Compostela xa contempla o entronque coa rúa Ador que tamén estamos redactando proxectos e tamén será humanizada, para darlle servizo a aquela zona da galiña azul e ao próximo entronque con Rafael Tilve e Rosalía de Castro. É dicir, imos intentar completar toda esa mazá, ese núcleo central da vila completalo con un sistema de humanización que contemple sempre unhas características



idénticas a todas as rúas. Contémplanse a instalación de aceras de granito, zona de carga e descarga de adoquín e vai completado con mobiliario urbán de bancos de pedra con remates de madeira, iguais que os da rúa Compostela e entroque Rafael Tilve con rúa Coruña, unhas árbores, os servizos van a ser todos canalizados e as farolas pónense o mesmo modelo que hai no resto da rúa hacía a Plaza do Concello ata Zunzunegui. O orzamento desglosado: Actuación previas/demolición: 5.182,16€, movemento de terras: 8.361,59, pavimentación: 46.447,03€, Sinalización: 1.633,76€ aquí ao mellor metemos algunhas variantes porque as normas obrigan a poñer demasiadas sinais no casco urbano e temos que darlle unha volta e empezar a sinalizar no pavimento e eliminar eses postes que son tan molestos, se a norma nolo permite; na Rede de servizos: 36.887,07 € aquí van 10.000 para saneamento, 8.000 para pluviais, a rede de abastecemento 4.300, rede eléctrica: 4.000 e alumeadado público 9.300€; mobiliario urbano: 2.934,15; xardinería: 657,65€; control de calidade: 485,58€; xestión de residuos: 1.066,87€ e seguridade e saúde: 941,52€ todo isto suma un total de execución material de 104.627,35€, que sumados aos gastos xerais e ao beneficio industrial do 19% máis o IVE correspondente, pasa a un total de 150.652,93€.

**Sr. González Souto:** Boas noites a todos. Coñecemos o proxecto, dende logo é un proxecto que é necesario a nivel de casco urbano porque as beirarrúas para acceder aos comercios, aos negocios que hai sobre todo ao lado dereito son moi estreitas, de feito comentabamos cos compañeiros do Partido Popular, Noelia que ten dous fillos pequenos e tiña moitas dificultadas cos pivotes para camiñar de forma segura cos seus fillos, desta maneira poderemos seguramente eliminar a dobre fila e facer o tráfico moito máis fluído. Entendo que este proxecto, un proxecto que aló polo 2018 redactou Rubén Martín Vázquez, que é o que presta a asistencia tamén no Concello. Puntualizar que non me quedou claro e creo que llo transmitiu o meu compañeiro Santi na Comisión, consideramos que o manter unha separación dun centímetro de separación entre as xuntas das lousas é máis sucio, e pode producir máis tropezos, se me pode contestar que formato vai seguir esa colocación de lousas e tamén preguntarlle a Miguel se nesa rúa hai que facer separación de pluviais de saneamento das canalizacións.

**Sra. Tourón Domínguez:** O proxecto xa o explicou o compañeiro de Vías e Obras, o que se pretende e seguir mellorando os espazos das rúas no casco urbano e neste caso é a rúa Joaquín Fernández Sestelo, incidir en que o que se pretende é crear un espazo de calidade máis amable coas persoas que facilite tanto o tráfico rodado como o peonil pero sobre todo o que considero o máis importante neste tipo de proxecto é a eliminación de barreiras tal como comentaba o compañeiro do Partido Popular, Noelia sofre esas cuestións igual que sufrimos outros que temos nenos ou persoas con mobilidade reducida, etc... a min o que me parece máis importante deste proxecto a parte de crear uns espazos moito máis amable para a xente, que se faga plenamente accesible para os viandantes, co cal o voto favorable deste grupo.



**Sr. González González:** Aclarar as dúbidas que lle quedaron a Primitivo, en canto á dúbida da separación das lousas de pavimentación das beirarrúas, as lousas de pedra supoño que iran de 5 cm, as lousas de pedra teñen unhas dilatacións e sobre todo en temporadas de verán bastantes potentes, ese centímetro que se lle fai ao redor da xunta fai de xunta de dilatación e amortigua que unha pedra tropee contra outras nas dilatacións veraniegas, na época estival e esportille aínda así a veces esportilla nas puntas, pero con esa xunta mellórase moitísimo a calidade dese pavimento. En canto á outra dúbida de separación de pluviais e de saneamento, como lin antes no orzamento xa está contemplada nos desglose das partidas que vos lin antes, hai contemplados para pluviais 8.700 €, para rede de saneamento 10.324€, co cal van separadas efectivamente.

**Sr. González Souto:** O que é colocar as lousas, tedes por exemplo a humanización da rúa Pontevedra que se humanizou alá por 2015 e as lousas están totalmente pegadas, o mesmo pasa diante da praza de abastos, claro que é convinte que as lousas teñan unha mínima separación para o que ti ben dis, pero unha cousa é unha mínima separación e outras estar falando de 1cm, 7mm que o que temos por exemplo na beirarrúa que pasa por diante do bar Caselas. Só quería puntualizar e simplemente mostrar a nosa predisposición porque non deixe as xuntas tan anchas porque pode producir tropezos.

**Sra. Alcaldesa:** O equipo de goberno xa decidiu levar este proxecto no Plan Concellos 2021, pronto presentaremos a solicitude e camiñamos este equipo de goberno así o ten decidido, na senda do cumprimento dos Plans, por unha banda o Pacto de Alcaldía que o que busca é crear espazos para as persoas e por outra banda dar cumprimento ao Plan de Mobilidade que aprobamos na lexislatura anterior, seguir cadrando si é posible a recuperación de espazos para persoas na rúa Joaquín Fernández Sestelo e estudando o proxecto, como xa anticipou Miguel, na rúa Ador e completar o espazo que estamos en vías de adquirir da parcela da Devesa. Traballamos para levar adiante algo que xa comezou hai moitísimos anos, facer unha Salceda para as persoas e sobre todo para aqueles colectivos que son os que máis o precisan que son os nenos, as nenas, todos os maiores e as persoas con mobilidade reducida. Dou lectura da proposta seguinte:

*“Visto o proxecto de obras denominado “Proxecto de reurbanización da rúa Joaquín Fernández Sestelo (tramo entre o entronque das rúas Ador e Compostela)” redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez, asinado en data 22.10.2018, cun orzamento base de licitación de 150.652,93€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 26.146,38€ e o presuposto sen IVE a 124.506.55€.*

*Visto o informe técnico num. 2021-0015 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística.*

*Visto o informe de Secretaría núm. 2021-0004 sobre a lexislación aplicable e o*



*procedemento a seguir.*

*Visto que se cumpren os requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*

*Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 ou) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte*

#### ACORDO

*PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras denominado “Proxecto de reurbanización da rúa Joaquin Fernández Sestelo (tramo entre o entronque das rúas Ador e Compostela)” redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez, asinado en data 22.10.2018, cun orzamento base de licitación de 150.652,93€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 26.146,38€ e o presuposto sen IVE a 124.506.55€.*

*SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.”*

**VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes nesta sesión, adoptándose o seguinte ACORDO**

**PRIMEIRO.** Aprobar o proxecto de obras denominado “Proxecto de reurbanización da rúa Joaquin Fernández Sestelo (tramo entre o entronque das rúas Ador e Compostela)” redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez, asinado en data 22.10.2018, cun orzamento base de licitación de 150.652,93€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 26.146,38€ e o presuposto sen IVE a 124.506.55€.

**SEGUNDO.** Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

**Expediente 3120/2020. Aprobar o proxecto de obras denominado “Mellora e ampliación das instalacións deportivas municipais de Penedo Redondo fase II. Construción campo de fútbol 8 e zona de adestramento para porteir@s”.**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

**Sr. González Coto:** Boas noites aos membros da Corporación e aos veciños e veciñas que nos seguen en directo. O proxecto que traemos agora aquí é a construción do campo de fútbol 8 e unha zona de adestramentos para porteiros ou porteiras. Con isto queremos dar resposta ás necesidades derivadas do incremento do número de utilizadores, a superficie total onde se procede actuar é de 4.143,30 m<sup>2</sup>, os cales se dividen en tres partes, correspondendo ao campo de fútbol 8 2.925 m<sup>2</sup>, o do adestramento de porteiros 436,75 m<sup>2</sup> e á área de circulación de todo arredor do campo e da zona de adestramento 781,55 m<sup>2</sup>. O recinto estará pechado cun cerce perimetral de 2,50 metros de alto que é na mesma liña que está xa o campo de fútbol 8 que temos agora mesmo, estará dotado cunhas instalacións: sistema de regadío, drenaxe, alumeados, etc... As obras consistirán en acondicionamento do terreno e estendido dunha capa asfáltica, colocación de céspede artificial e lastrado do mesmo e a colocación de rede de regadío e a recollida de augas, xunto coa instalación da iluminación precisa para as actividades e despois o marcado, trazado do campo cumprindo as dimensións regulamentarias da Federación Española de Fútbol, xunto coa colocación de equipamento deportivo como portería, redes, bancos de xogadores, marcadores, o básico de calquera instalación deportiva. O proxecto cumpre as normativas de accesibilidade e ten un orzamento das obras de execución material e 239.672,71€, dividido en dez capítulos: actuacións previas-demolicións 2.976,81; movemento de terras 29.017,16€; drenaxe e rego 31.428,58€, pavimentos 116.975,69; instalación 28.985,65€; equipamento 19.257,30€; peche perimetral 7.957,22€; control de calidade 960€; xestión de refugallos 1.123,86€ e seguridade e saúde 990,48€, 239.000€ que xunto co gasto xeral, o beneficio industrial e o IVE poñémonos nun presuposto base de licitación de 345.104,73€

**Sr. González Souto:** Este proxecto que tamén ben asinado por Rubén Martín Vázquez, é cuestión de prioridades, realmente o aquí estamos aprobando é o proxecto, un campo de fútbol 8, evidentemente o que describiu Rubén, vostedes gobernan e é cuestión de onde deciden invertir, pola nosa parte non temos moito máis que dicir, nin que valorar, nin as prescricións técnicas nin os materiais que se van a utilizar.

**Sr. González Coto.** Realmente só estamos levando a aprobación, non quere dicir que vaíamos a investir en facer ese campo de fútbol 8 xa, o que queremos é ter aprobación do pleno pois como levamos todos os proxectos para aprobar en pleno por estar acordado así, para que no momento que poidamos ter financiación poder acometer esa obra, pero non queremos dicir que o vaíamos facer xa.

**Sra. Alcaldesa:** Xa o dixo Rubén, os proxectos se traén a sesión plenaria para a súa aprobación e tamén é unha fórmula para que a oposición, neste caso Partido Popular, teña coñecemento dos proxectos que se encargan e do traballo que estamos realizando. Agora mesmo 345.104,73€ é unha financiación complexa e non se trata de prioridades, trátase de ter os proxectos preparados para cando exista financiación, de



feito na Comisión de Informativa lle anunciaba aos teus compañeiros a creación dunha mesa de traballo, neste ano se avanzou moito traballo renovando o convenio coa Escola de Denis Suárez polo que resta de legislatura, asinamos tamén un novo convenio coa Comunidade de Montes de Parderrubias onde facían a cesión de máis espazo para a creación de ese fútbol 8 de campo de porteiros e porteiras. Elaboramos este proxecto, levamos un traballo realizado que evidentemente agora considerando que é un proxecto de Salceda, un proxecto do Concello, a creación desta mesa para traballar todos xuntos, a corporación enteira, na busca de financiación, pois creo que é moi necesaria, de feito eu estes días informándolle as escolas deportivas de que iamos traer este proxecto a pleno mostraban a disposición para comenzar con esa mesa traballo canto antes, están preparados para presentar o seu proxecto, a súa programación e as colaboracións e os programas que están desenrolando, dende longo moi ambiciosos e evidentemente o Concello estará aí para axudalos e estou segura de que o Partido Popular, Partido Socialista e Movemento Salceda van a estar de acordo no apoio a este proxecto, simplemente é iso, aprobación do proxecto para que teñades coñecemento. Paso ler a proposta seguinte:

*“Visto o proxecto de obras “Mellora e ampliación das instalacións deportivas municipais de Penedo Redondo fase II. Construción campo de fútbol 8 e zona de adestramento para porteir@s” redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez, asinado en data 17.12.2020, cun orzamento base de licitación de 345.104,73€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 59.894,21€ e o presuposto sen IVE a 285.210.52€.*

*Visto o informe técnico num. 2021-0018 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística.*

*Visto o informe de Secretaría núm. 2021-0005 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.*

*Visto que se cumpren os requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*

*Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 ou) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte*

**ACORDO**

*PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras denominado “Mellora e ampliación das instalacións deportivas municipais de Penedo Redondo fase II. Construción campo de fútbol 8 e zona de adestramento para porteir@s” redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez, asinado en data 17.12.2020, cun orzamento base de licitación de 345.104,73€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 59.894,21€ e o presuposto sen IVE a 285.210.52€.”*

*SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.”*

**VOTACIÓN:** Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos **TRECE** membros presentes nesta sesión, adoptándose o seguinte

#### **ACORDO**

**PRIMEIRO.** Aprobar o proxecto de obras denominado “Mellora e ampliación das instalacións deportivas municipais de Penedo Redondo fase II. Construción campo de fútbol 8 e zona de adestramento para porteir@s” redactado polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez, asinado en data 17.12.2020, cun orzamento base de licitación de 345.104,73€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 59.894,21€ e o presuposto sen IVE a 285.210.52€.”

**SEGUNDO.** Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

#### **Expediente 356/2021. Aprobación do proxecto de obras “Mellora da pavimentación no lugar de Pedracarballa, Entenza”.**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

**Sr. González González:** Como ven dixo antes Loli o proxecto de Joaquín Fernández Sestelo que está no casco urbán imos a incluílo este ano no Plan Concellos. Na parte rural imos a incluír os dous proxectos que imos falar a continuación. Xa no Plan Concellos da Deputación do ano pasado metemos case todas as obras, foron no medio rural porque hai unha necesidade moi grande de renovación de estradas no medio rural e chegamos onde podemos cos medios que temos. Priorizamos desta vez o asfaltado de Pedracarballa en Entenza, unha obra que abrangue dende o entronque da estrada da Diputación, da estrada Provincial no Torreiro de San Brais ata chegar ao Río Landres no entroque do Torrón, tamén un ramal cerca do Río Landres, un ramal que vai a tres casas baixando a man dereita. A actuación máis complexa está na

Capela de San Brais, esa zona hai de darlle tratamento especial polo ámbito no que estamos, leva un tratamento de adoquinado en todo o espazo que abrangue entre a Capela e o Torreiro da festa, nunha lonxitude aproximadamente de 27m. dende a curva ata case a estrada provincial, vai con recollida de augas tanto pola banda da capela como pola banda do torreiro leva dúas canaletas con reixas de ferro acorde ao tratamento que lle imos dar a esa zona de adoquinado. Doblando a curva da capela tamén hai unha zona bastante complexa polo tratamento de augas que hai alí, que baixan todas as augas do Espicho do Faro, van a caer alí e doutras zonas, foron canalizadas todas alí para levalas posteriormente hacia o río Landres, aí temos que facer cuneta revestida tanto pola marxe esquerda como pola marxe dereita, nunha zona ata chegar a onde acaba aquela moute de terra e despois a continuación da obra imos a asfaltar ao ancho completo onde non hai canaleta e a tubería de pluviales vai soterrada. Imos a dar un asfaltado completo entre muro e muro para eliminar herbas e traballos posteriores de limpeza de desbroce, as augas a partir do entronque que ven a salir as antigas oficinas de Construcción Dafón, dende aí abaixo practicamente xa están todas canalizadas dunha obra anterior. Hai que facer unha obra de levantamento das tuberías que están no cruce que colle ese ramal a dereita que vai a tres casas, ese ramal vai ser reasfaltado porque está en unhas condicións pésimas, aí si que imos a facer un levantamento de tuberías e facer unha canalización de augas ata o río Landres, un muro de mampostería incluído no fondo do eido do Sr. Fortunato. Esta zona con esta obra vai quedar moi mellorada, o orzamento desta obra é 61.295€ en execución material máis os gastos xerais, beneficio industrial e o correspondente 21% de IVE todo esto suma un total de 88.258,67€.

**Sr. González Souto:** Vemos o proxecto e entendemos que dende a residencia Castro Lar pasando a ponte hai un ramal que sí que da servizo a unhas casas que é unha estrada sen saída, só puntualizar que si que se recolle o tema do adoquinado diante da igrexa, nós como grupo non compartimos moito a idea de utilizar o adoquinado porque orixina a medio prazo uns problemas de mantemento, poderíase utilizar outra solución como lousado ou algo que eliminase despois a posteriori esas reparacións que hai que facer como diante por exemplo da praza de abastos. Compartimos que hai moitas estradas no rural que están en moi mal estado, é cuestión de prioridades, aquí imos a aprobar o proxecto, nós aportamos rogos onde consideramos as actuación máis urxentes pero vostedes son o goberno e vostedes marcan as prioridades, nos aportamos as nosas opinións mediante os rogos.

**Sr. Rodríguez Canosa:** Xa explicou perfectamente Miguel o proxecto, un proxecto dun vial moi importante da parroquia que comunica un barrio completo e ademais foi un vial que sufriu moito cando foron as obras tanto da praza da Devesa como da rúa Gándara, e evidentemente que ben dixo queremos darlle un tratamento especial a esa contorna da Capela de San Brais, creemos que o adoquín é axeitado pola tradición, o conxunto englobarase con algún pequeno detalle máis. Un proxecto moi necesario, hai prioridades, evidentemente noutras moitas partes do Concello hai vías que están en mal estado pero que pouco a pouco se van arranxando, este tamén é un



deles e que solucionará un problema tamén bastante grave de recollida de augas.

**Sra. Tourón González:** É verdade que o rural ten moitas necesidades hai moitos viais no rural que necesitan de melloras é cuestión e prioridades pero sin ben é certo que neste último ano e medio se teñen acollido moitas melloras de estradas no rural, como dí Miguel que co diñeiro que hai a verdade é que é complexo darlle cabida a todas esas melloras, creo que temos un plan de melloras de viais e camiños, estamos continuando a traballar nel, non deixaremos de facelo, só pedir un pouquiño de paciencia á veciñanza que todo irá chegando e que imos facendo segundo vaíamos tendo dispoñibilidade económica ou de financiación, como é neste caso, que o buscamos noutras administracións.

**Sr. González González:** Por puntualizar, o adoquinado é un tratamento que creo que para unha zona de importancia histórica é o máis acaído, mellor que as lousas de pedra que si que é un bo tratamento nas beirarrúas do casco urbano con adoquinado xa que obriga a calmar o tráfico, obriga a ir con calma e desfrutar do entorno da Capela de San Brais. Temos que pedir informe a dous organismos, un precisamente pola Capela que é patrimonio da Xunta e o outro vai ser o informe de Confederación Hidrográfica porque chegamos ata a ponte do río Landres, son dous organismo que normalmente son bastantes lentos nos seus informes pero que esperamos que dentro deste ano poidamos executar esta obra tan necesaria.

**Sra. Alcadesa:** Dou lectura a porposta de acordo seguinte:

*“Visto o proxecto de obra “Mellora da pavimentación no lugar de Pedracarballa, Entenza” redactado polo enxeñeiro de camiños, canales e portos Francisco Javier Carballo Núñez, asinado en data 29.01.2021, cun orzamento base de licitación de 88.258,67€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 15.317,62 € e o presuposto sen IVE a 72941.05€, sendo o importe de honorarios de redacción do proxecto de 2.225,01 (IVE incluído).*

*Visto o informe técnico num. 2021-0019 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística.*

*Visto o informe de Secretaría núm. 2021-0007 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.*

*Visto que se cumpren os requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*

*Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 ou) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de*

Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte

**ACORDO**

**PRIMEIRO.** Aprobar o proxecto de obras denominado “Mellora da pavimentación no lugar de Pedracarballa, Entenza” redactado polo enxeñeiro de camiños, canales e portos Francisco Javier Carballo Núñez, asinado en data 29.01.2021, cun orzamento base de licitación de 88.258,67€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 15.317,62 € e o presuposto sen IVE a 72941.05€, sendo o importe de honorarios de redacción do proxecto de 2.225,01 (IVE incluído).

**SEGUNDO.** Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.”

**VOTACIÓN:** Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos **TRECE** membros presentes nesta sesión, adoptándose o seguinte **ACORDO**

**PRIMEIRO.** Aprobar o proxecto de obras denominado “Mellora da pavimentación no lugar de Pedracarballa, Entenza” redactado polo enxeñeiro de camiños, canales e portos Francisco Javier Carballo Núñez, asinado en data 29.01.2021, cun orzamento base de licitación de 88.258,67€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 15.317,62 € e o presuposto sen IVE a 72941.05€, sendo o importe de honorarios de redacción do proxecto de 2.225,01 (IVE incluído).

**SEGUNDO.** Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

**Expediente 357/2021. Aprobación do proxecto de obras de “Mellora da seguridade viaria no lugar de Bouzapanda, Budiño”**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

**Sr. González González:** Imos coa zona de Bouzapanda que é unha zona moi densamente poblada pola concentración de chalets que hai alí. Esta actuación contempla tres ramais, primeiro o atallo que hai baixando a estrada de Penedo Redondo que volve a enlazar coa estrada principal na punta de abaixo, esa mellora dende a primeira casa empezaremos coa canalización das augas, hai que levantalas para volvelas a canalizar. Imos demoler na marxe dereita baixando ese formigón, está



a saltos, as entradas das casas en vez de as casas adaptarse ao vial público que foi o que pasou aquí durante moitos anos, hai que facer unha demolición e mellora todo iso e canalizar as augas, incluídas unha augas de regadío que se meten antes da marquesiña, toda esta canalización vai reducir o ancho e imos a asfaltar o ancho completo onde non hai formigón vai asfalto, imos a asfaltar todo de novo, seguindo a filosofía de eliminar beiras molestas e que se echan de herbas á primeira e no verán. O ramal principal deste obra é o que vai por medio dos chalets, esa rúa que foi feita un pouco trapalleira no seu tempo, tamén se adaptaron as entradas dos chalets ao vial público, aí a demolición de todas as rampas é practicamente imposible, imos adaptarnos un pouquiño, imos a adaptar o asfalto de a lado a lado completo de novo porque está todo moi deteriorado, imos levantar as tapas de saneamento e adaptarnos ao que hai feito porque non ten moito arreglo aquilo, e na parte da baixa deste vial enlazamos un ramalciño a man dereita que foi onde se fixo a estación de bombeo do saneamento deste chalets, bombeo que vai bombeado a estrada da Deputación arriba. Sabedes que antigamente había unha verquido histórico, teoricamente había unha depuradora no fondo dos chalets que non era tal, verquíanse a un rego os sobrantes, iso solucionouse cunha inversión que fixo alí Augas de Galicia onde se bombea o que queda pendente dun saneamento de Budiño, esa parte ímola asfaltar, todo ese fondo e no primeiro ramal imos facer tamén unha senda lateral para os nenos que baixan a marquesiña que está no entronque da estrada provincial, facer unha pequena senda con paso de peóns correspondentes para a seguranza dos nenos.

**Sr. González Souto:** Non teño moito que dicir, o que falou Miguel, coñecemos a ubicación da obra, tamén coñecemos as rampas que chegan ao medio da estrada cando non se debería de poder, estamos de acordo co proxecto.

**Sra. Tourón Domínguez:** Este goberno marca unhas prioridades no Plan de mellora de camiños e vieiros e as marca sempre e sobre todo polas peticións veciñais e polas necesidades da veciñanza e neste caso é unha obra moi demanda polos veciños e veciñas que é hai que realizar, porque xa non é só a zona do vieiro senón tamén a seguridade para as persoas, como dicía Miguel, de nenos e nenas que van cara a marquesiña, pero para todos os que teñen tamén fincas na zona, é transitada non só por coches senón tamén por peóns, o noso apoio totalmente a esta obra.

**Sra. Alcaldesa:** Paso a dar lectura da proposta seguinte:

*“Visto o proxecto de obra “Mellora da seguridade viaria no lugar de Bouzapanda, Budiño” redactado polo enxeñeiro de camiños, canales e portos Francisco Javier Carballo Núñez, asinado en data 29.01.2021, cun orzamento base de licitación de 42.518,89€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 7.379,31€ e o presuposto sen IVE a 35.139,58€, sendo o importe de honorarios de redacción do proxecto de 1.071,90€ (IVE incluído).*

Visto o informe técnico num. 2021-0020 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística.

Visto o informe de Secretaría núm. 2021-0008 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que se cumpren os requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 ou) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte

#### ACORDO

**PRIMEIRO.** Aprobar o proxecto de obras denominado “Mellora da seguridade viaria no lugar de Bouzapanda, Budiño” redactado polo enxeñeiro de camiños, canales e portos Francisco Javier Carballo Núñez, asinado en data 29.01.2021, cun orzamento base de licitación de 42.518,89€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 7.379,31€ e o presuposto sen IVE a 35.139,58€, sendo o importe de honorarios de redacción do proxecto de 1.071,90€ (IVE incluído).

**SEGUNDO.** Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.”

**VOTACIÓN:** Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos **TRECE** membros presentes nesta sesión, adoptándose o seguinte **ACORDO**

**PRIMEIRO.** Aprobar o proxecto de obras denominado “Mellora da seguridade viaria no lugar de Bouzapanda, Budiño” redactado polo enxeñeiro de camiños, canales e portos Francisco Javier Carballo Núñez, asinado en data 29.01.2021, cun orzamento base de licitación de 42.518,89€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 7.379,31€ e o presuposto sen IVE a 35.139,58€, sendo o importe de honorarios de redacción do proxecto de 1.071,90€ (IVE incluído).

**SEGUNDO.** Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

**Dación de conta de decretos dende o núm. 2020-1294 de 12 de decembro ata o núm. 2021-0254 de 20 de febreiro.**

Queda dada conta.

**Dación de conta de resolucións de subvencións outorgadas con cargo ao Plan Concellos da Deputación de Pontevedra.**

Queda da conta.

### **Moción IES Pedras Rubias**

**Sra. Alcaldesa:** Dou lectura a moción seguinte:

*“De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e no Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Salceda de Caselas os Grupos Municipais de Movemento Salceda, PSOE e Partido Popular desexan someter a consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN:*

#### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*Salceda de Caselas conta na actualidade con un único centro de educación secundaria, o IES Pedras Rubias, que acolle unicamente os estudos da ESO, e que conta nestes momentos con 342 estudantes. Salceda de Caselas é na actualidade un dos municipios con maior taxa de natalidade de Galicia, o que fai fundamental a necesidade de existencia de infraestruturas educativas para acoller á súa poboación escolar.*

*Xa dende o curso 2017/2018, a dirección do centro ven manifestando a necesidade real de que se amplíe o número de aulas, insuficientes polo continuo aumento de alumnado, e que neste curso se viu empeorado pola situación da covid 19, que obrigou a converter en aulas espazos como a biblioteca, o salón actos, a sala de mestres/as ou a aula de música.*

*Na mesma liña, a dirección ven solicitando que se establezan estudos de bacharelato no centro, para que deste xeito o alumnado de Salceda de Caselas tena a posibilidade de continuar a súa formación postobrigatoria sen saír do seu Concello, co que iso*



conleva para as súas familias tanto no que a conciliación se refire coma o esforzo económico que supón actualmente a formación en centros educativos doutros municipios.

A isto engádesse o feo de que o IES Pedras Rubias non ten asignado neste momento ningún centro adscrito para a continuidade dos estudos do seu alumnado, o que na actualidade está orixinando situacións de incerteza que en moitos casos ata ben avanzado setembro non se ven solucionadas, deixando os mozos e mozas de Salceda nunha clara situación de discriminación con respecto ao alumnado dos Concellos limítrofes que si ven garantida a súa praza nos centros de referencia. Como exemplo próximo, o Concello de Salvaterra conta co mesmo número de alumnos e alumnas no cuarto curso da ESO e dispón de dous bacharelatos a elixir, fronte as escasas posibilidades do alumnado de Salceda, que ten que agardar a ver as prazas que quedan dispoñibles nese e nos demais centros próximos.

Tamén ás ANPAS dos diferentes centros educativos de Salceda (E. I. A Galiña Azul, CRA Raíña Aragonta, CEP Altamira e IES PedrasRubias), así como a Asociación SAPIX (Salceda pola Infancia e a Xuventude) teñen solicitado á Consellería de Educación a ampliación do centro e a implantación de estudos postobrigatorios, así como o inmediata adscrición do IES a outro centro con estudos postobrigatorios, sen que ata o de agora se obtivese unha resposta afirmativa a esta solicitude.

Xa no ano 2019 a Consellería de Educación solicitou ao Concello informe urbanístico sobre as condicións da parcela, en vista dunha posible ampliación. Sen embargo a día de hoxe non hai nova algunha sobre a tan demandada ampliación, e polo tanto tampouco sobre a implantación dos estudos de bacharelato e de ciclos de formación profesional.

En vista de todo o exposto, solicitamos ao Pleno da Corporación Municipal de Salceda a adopción dos seguintes acordos:

1. Instar á Xunta de Galicia a que realice canto antes a ampliación necesaria do IES Pedras Rubias para dar cabida ao aumento de alumnado de secundaria, e que se inclúan os espazos necesarios para impartir estudos postobrigatorios dentro do concello.
2. Instar á Consellería de Cultura, Educación e Universidade á implantación de estudos postobrigatorios, entre os que se inclúa o bacharelato no IES Pedras Rubias en canto se realice a imprescindible ampliación do centro.
3. Instar á Consellería de Cultura, Educación e Universidade a que o IES Pedras Rubias sexa adscrito de inmediato a un centro de bacharelato próximo que lle garanta ao alumnado reservar unha praza para continuar os seus estudos mentres non se implante o bacharelato no noso concello."

**VOTACIÓN DA URXENCIA: Pola Sra. Alcaldesa sométese a votación da urxencia da moción, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes nesta sesión.**

**Sr. Rodríguez Davila:** O noso voto vai ser favorable e polo tanto en esto imos camiñar todos xuntos e que a tramitación sexa o máis áxil posible e que non haxa ningún impedimento ao longo do período que lle vai levar dende o día de hoxe ata que consigamos a ampliación do centro e a implantación do bacharelato, que van a ser para os nosos nenos e sobre todo para que Salceda este igualdade de condicións que outros Concellos limítrofes e que os nosos nenos non teñamos que levalos a Concellos do lado. Os números dan, estou convencido e máis cedo que tarde imos a conseguir que o instituto ampliado sexa unha realidade. Polo tanto o noso grupo vai votar a favor.

**Sra. Tourón Domínguez:** Xa tivemos unha reunión coa dirección dos IES, os tres portavoces que temos representación neste pleno e gústame que vaíamos todos da man en temas como este, non só como concelleira senón como nai. Son unhas reivindicacións que se levan facendo dende hai uns anos, igualmente a moción dende a dirección e nós como partido tamén o levamos facendo moito tempo, esta é unha das mocións máis xustas que podemos traer a este pleno, falamos de xustiza para os nosos nenos e nenas e neste momento non teñen a mesmas oportunidades que teñen os nenos e nenas que nacen noutros Concellos da contorna. Son moi importantes estes puntos que traemos a esta moción, é verdade que o primordial e o máis urxente agora mesmo é que se nos adscriba o instituto a algún centro de bacharelato para evitar que xa neste curso que comezará en setembro teñamos que sufrir os mesmos problemas que agora e poidamos evitar esa espera e esa falta de plazas para os nosos nenos e nenas. Non menos importante, supoño de máis complicadas de conseguir, as outras dúas peticións que son a ampliación e a creación do centro e implantación de ensino post-obrigatorio entre o que se inclúe o bachiller e se intente dalgunha maneira facer algún ciclo, aínda que por suposto iso é un pouco máis complicado á hora de implantalo. Non quero deixar pasar esta oportunidade para agradecer o traballo que están a realizar tanto as asociacións como as ANPAS, como as asociacións de SAPIX, que están mobilizando á poboación neste sentido e que están conseguindo un apoio moi grande das familias, como non podía ser doutra forma, co cal encantada de que vaíamos todos os partidos da man e a seguir loitando polo que necesitan os nosos nenos e nenas.

**Sra. Alcaldesa:** Seguro que falo no nome dos tres, aínda que Santi non o dixera, seguro que como acaba de facer Verónica, felicitar as asociacións, ANPAS, SAPXI, á dirección, porque saben, porque coñecen as necesidades do noso pobo, porque se unen, porque loitan polo que consideran que é de xustiza e o que máis me alegra e que o Concello estea aí para empurrar e ir da man de esa iniciativa social e que os tres partidos que representamos a Corporación o teñamos clarísimo porque así é a





necesidade de moitos mozos e mozas e porque é de xustiza.

**VOTACION DA MOCIÓN:** Sometida a votación a moción, esta resulta aprobada por unanimidad dos TRECE membros presentes a esta, adoptándose o seguinte

**ACORDO:**

1. Instar á Xunta de Galicia a que realice canto antes a ampliación necesaria do IES Pedras Rubias para dar cabida ao aumento de alumnado de secundaria, e que se inclúan os espazos necesarios para impartir estudos postobrigatorios dentro do concello.
2. Instar á Consellería de Cultura, Educación e Universidade á implantación de estudos postobrigatorios, entre os que se inclúa o bacharelato, no IES Pedras Rubias en canto se realice a imprescindible ampliación do centro.
3. Instar á Consellería de Cultura, Educación e Universidade a que o IES Pedras Rubias sexa adscrito de inmediato a un centro de bacharelato próximo que lle garanta ao alumnado reservar unha praza para continuar os seus estudos mentres non se implante o bacharelato no noso concello.

### **Proposta de Resolución: MOCIÓN EN APOIO Á REDUCCIÓN DE IVE AOS SALÓNS DE PEITEADOS**

**Sr. Alcaldesa:** O Partido Popular presentou unha moción de apoio á redución do IVE aos salóns de peiteados, hoxe tamén chegou unha moción do colectivo que se denomina plataforma de imaxe persoal “Creer en nosotros” e a min gustaríame someter a debate a moción do colectivo que en definitiva o acordo é o mesmo que pide a moción do Partido Popular, tendo en conta que ademais o noso Concello hai un grupo de perruquerías unidas e que están facendo un bo traballo dando visibilización a súa proclama, a súa reivindicación, 15 perruquerías e estética de Salceda que nos fan chegar a través desta plataforma esta iniciativa, eu entendo que debemos recollela e sometela a debate, esta que pertence ao colectivo que reivindica ese acordo de baixada o IVE.

**Sr. Rodríguez Davila:** Sra. Alcaldesa como comprenderá acabamos de enterarnos agora, esa é a falta de transparencia que moitas veces este grupo lle di ao goberno, vostede non está exercendo de forma imparcial o seu cargo, vostede o que tiña que facer é trasladarlle a este grupo esa moción para ter coñecemento dela e poder aceptar, fusionar, acordar a mesma co goberno e levala a pleno, como comprenderá somos un grupo de seis persoas, o grupo maioritario e polo tanto non pode tomar a



decisión agora mesmo polos seis, outra cousa é que vostede lea os puntos que propón ese colectivo que seguro que estamos de acordo e que poidamos apoiala, pero xa digo o que estou aquí recriminándolle é a falta de transparencia e o que tiña que facer vostede como Alcaldesa, é chamarme ou darme traslado para ter coñecemento da mesma e chegar así a este pleno sabendo o que imos a debatir.

**Sra. Tourón Domínguez:** Eu tamén considero que deberíamos ler a do colectivo, é verdade que chegou hoxe, é verdade que este pleno ten bastante documentación moita dela presentada polo Partido Popular na tarde de onte, creo que tampouco se nos pode acusar de falta de transparencia nun pleno como este con toda a documentación que estamos recibindo, non só do Partido Popular senón todas nas últimas 24 horas.

Dou lectura da moción que presenta esta plataforma de imaxe persoal “Creer en nosotros” seguinte:

*“A plataforma de imaxe persoal “Creer en nosotros” presenta a seguinte iniciativa para que poida ser debatida no Pleno da Corporación Municipal do Concello de Salceda de Caselas:*

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

*No ano 2012. o Goberno Central tomaba a decisión de cambiar o IVA do 7% que se viña aplicando naquel momento aos servizos de perruquería e levalo ata o 21% que vimos soportando neste momento, e o mesmo cos servizos de estética, que pasaron do 10% ao 21%.*

*A situación de moitos salóns de imaxe vaise dende entón gravemente afectada, con moitos peches que se foron producindo dende entón, e que seguen a producirse día tras día nunha sangría sen fin á que asistimos con total impotencia.*

*Só no Concello de Salceda de Caselas, o sector da imaxe supón 32 empregos directos, e dúzias de empregos Indirectos, que se atopan nunha situación real de perigo, que se viu incrementada sen dúbida pola situación de pandemia que todos e todas estamos a padecer, estimándose que o 63% dos negocios deste tipo están ao límite da supervivencia. En toda Galicia estamos a falar de máis de 20.000 postos de traballo en risco, a Inmensa maioría deles ocupados por mulleres.*

*Os diferentes decretos e normativas dende a primeira declaración do primeiro estado de alarma veñen recoñecendo o carácter de servizo esencial das perruquerías, o que choca frontalmente co 21% de IVE que seguimos a ter que asumir, a pesares de terse comprometido a baixada do mesmo ao 10%, baixada que segue sen producirse a día de hoxe.*

*A plataforma "Creer en nosotros" xunto con outros colectivos do sector estamos a organizar diversas accións reivindicativas, sendo a próxima unha concentración que se celebrará en todos os Concellos do País o vindeiro 22 de marzo.*

*Por todo o exposto, solicitamos do Pleno do Concello de Salceda de Caselas a adopción do seguinte acordo:*

- *Acordar o apoio do Concello de Salceda de Caselas á concentración que as profesionais e os profesionais do sector teñen convocado para o 22 de marzo dentro das Iniciativas para conseguir a baixada do iva ao 10%.*
- *Instar ao Goberno Central á baixada inmediata do IVE dos salóns de perruquería, barbería e estética ao 10%, por ser considerados servizos esenciais tal como se ten demostrado dende o inicio da pandemia da covid19."*

**VOTACIÓN DA URXENCIA: Pola Sra. Alcaldesa sométese a votación da urxencia da moción, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes nesta sesión.**

**Sra. Pérez Cabaleiro:** Boas noites a todos os compañeiros da Corporación e sobre todo boas noites a todos os veciños que nos están seguindo polos distintos canais. Sinceramente a nós parécenos unha falta de respecto, non só polo compañeiros que formamos o grupo municipal Partido Popular que non se nos enviase esta moción cando a recibistes pola mañá como ben dixestes, tivestes todo o día para facelo, senón pola propia asociación de non ter ese xesto de enviarnos e compartir moción que hoxe viña a pleno. Como ben dixestes nós presentamos unha moción o martes no que lle pedíamos demandar ao Goberno do Estado a redución do IVE de salón de peiteado pasando do actual 21 % ao 10% dando o apoio necesario para garantir a supervivencia deste sector e dos postos de traballo que manteñen nun momento de especial necesidade por mor da crise da COVID, tal é como acaba de dar lectura Verónica o punto que se pide é redución do IVE dos salóns de peiteado ao 10 % polo cal o noso voto nesta moción é a favor porque ambos grupos, tanto a asociación como nós estamos pedindo o mesmo, a redución do actual 21 % ao 10% dos salóns de peiteados para garantir a supervivencia neste momento dos postos de traballo que dependen dos salón de peiteados.

**Sr. Rodríguez Canosa:** O noso grupo vai a apoiar a este colectivo que engloba aos e ás profesionais da imaxe persoal de Salceda e doutros lugares, esta moción entrou esta mañá e creemos que é preciso traela a este Pleno. Cando intentamos presentar unha moción que afecta a un colectivo o que facemos é falar con ese colectivo antes de presentar a moción e que creemos que é algo que se debería facer para non levar despois sorpresas. O sector da imaxe persoal é un sector que foi especialmente castigado por esas subidas do IVE no 2010, Zapatero, xa subiu do 7 ao 8% e do 16 ao 18 e no 2012 houbo unha nova subida cos gobernos de Rajoy do 18 ao 21 e do



reducido do 8 ao 10, deste xeito moitos destes negocios pasaron de estar pagando un IVE dun 8% a un IVE dun 21%, unha suba moi grande sobre todo no ano 2012, foi prometido durante moito tempo e creemos que é hora de devolverlle ese IVE reducido, de feito notouse durante esta crise da COVID é un servizo esencial, moita xente se estranaban que e repente lle permitiron abrir as perruquerías como servizo esencial, pero non se daban conta da importancia que teñen para moita xente sobre todo para a xente dependente que son realmente necesarias e precisas. O noso voto a favor e o noso apoio a este colectivo da imaxe persoal e desta moción.

**Sra. Tourón Domínguez:** Entendo que esta moción chegou hoxe, entendo que o equipo de goberno ao mellor tiña que facerlle chegar, tamén como dicía antes, a nós tamén nos entran en 24 horas un montón de peticións algunha onte a noite do Partido Popular, pero tamén quero incidir no que acaba de comentar o compañeiro Alex, se o grupo do Partido Popular trae unha moción sobre un colectivo, estaría ben que o colectivo de Salceda tivese constancia desta moción e tamén se lle fora enviada a eles, digo nisto da reciprocidade que se esixe a un pero non facemos o mesmo. En canto ao tema que nos atañe é verdade que son esenciais, xa se demostrou, como o dicía o compañeiro Álex, nesta etapa de pandemia creo que ademais se estiveron aí, ampliando un montón os medios que tiñan para poder dar cobertura as medidas de seguridade para a pandemia, estiveron aí, co cal é de recibo que se apoie. Eu quero recordarlle ao Partido Popular que a maior subida que se sufriu no IVE foi no ano 2012, gobernando o Partido Popular, co cal se subiu o IVE do 8 en algún caso ao 21 e outra parte do 18 ao 21%. Tanto eu como Concelleiro de Comercio como a Alcaldesa mostramos as dúas mostramos persoalmente o noso apoio ao colectivo de Salceda no día que reivindicaron cunha concentración no noso Concello, seguimos mostrando totalmente o noso apoio e por suposto o voto do Partido Socialista vai ser a favor.

**Sra. Pérez Cabaleiro:** En primeiro lugar, si esta moción entrou por rexistro do Concello o mínimo xesto era enviarse á Corporación para debatila neste pleno, e en segundo lugar é unha obviedade que despois de que este colectivo se manifestase diante da plaza do Concello para pedir a cualificación de esenciais e unha baixada do IVE que nós presentemos esta moción ao seu favor, eles o piden a gritos e nós simplemente o trasladamos ao pleno desta Corporación, e en terceiro lugar aquí moito falamos de Montoro pero pouco falamos de Montero cando a cuestión neste momento que nos atañe é que non se quere rebaixar este tipo de IVE.

**Sra. Tourón Domínguez:** Dicirlle que o Partido Socialista ten enriba da mesa esta moción no Goberno Central e estase estudiando as posibilidades de facelo como así llo fixeron chegar ao colectivo afectado, si ven é verdade que se están estudiando a través de informes técnicos e demais cal é a posibilidade de aplicalo neste momento, co cal eu non teño problema eu falo de Montoro porque a realidade foi o que subiu os impostos maiores.

**Sra. Alcaldesa:** O que temos que defender é o colectivo, sobre todo de Salceda, e



máis, cando está organizado, máis cando se está reivindicando, e máis cando lle fai chegar a todos os membros desta Corporación unha moción para que a defendamos. Nós defendemos a reivindicación deste colectivo de perruqueiras e perruqueiras e estética de Salceda e como non podía ser doutro xeito imos a apoialas. É de xustiza que as perruquerías vexan rebaixados o seu IVE.

**VOTACION DA MOCIÓN: Sometida a votación a moción, esta resulta aprobada por unanimidad dos TRECE membros presentes a esta, adoptándose o seguinte**

**ACORDO:**

- Acordar o apoio do Concello de Salceda de Caselas á concentración que as profesionais e os profesionais do sector teñen convocado para o 22 de marzo dentro das Iniciativas para conseguir a baixada do iva ao 10%.
- Instar ao Goberno Central á baixada inmediata do IVE dos salóns de perruquería, barbería e estética ao 10%, por ser considerados servizos esenciais tal como se ten demostrado dende o inicio da pandemia da covid19."

**Proposta de Resolución: MOCIÓN MORATORIA IBI (Catastro)**

**Sr. González Souto:** Dou lectura a moción seguinte:

*"O imposto de Bens Inmóbles (181) é un imposto do sistema tributario local en España -regulado no R.O. 212004, do 5 de marzo, do texto refundido da Lei das Facendas Locais- que grava o valor da titularidade dominial e outros dereitos reais que recaen sobre os bens inmóbles localizados no Concello que recauda o tributo.*

*O artigo 77 da Lei de Facendas Locais é o que establece cales son as competencias dos Concellos na xestión do IBI decindo textualmente que "a liquidación e recaudación. así como a revisión dos actos dictados en vía de xestión tributaria de este imposto, serán competencia exclusiva dos Concellos".*

*A Xerencia territorial do catastro de Pontevedra notificou, a través da sede electrónica o pasado 2 de febreiro, o Inicio do procedemento simplificado de valoración colectiva no Concello de Salceda de Caselas. Isto trae aparelado unha suba do IBI.*

*En consecuencia, o actuar de oficio, orixina un incremento nos valores catastrais dos inmóbles sitos no Concello, así como que comecen a tributar as fincas urbanizables, aínda que non dispoñan de ningún tipo de construción.*



A maiores, por defecto, tamén implica unha retroactividade no devengo do imposto ata catro anos

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O **inicio do procedemento** simplificado de valoración colectiva vai causar un **grave perxuício económico** ós veciños de Salceda.

No contexto sanitario de pandemia no que nos atopamos, con consecuencias catastróficas para as economías das familias, un aumento na carga impositiva deste calibre mostra por parte das administración implicadas (Facenda, Catastro e Concello), unha falta de sensibilidade e empatía, alleos totalmente as circunstancias extraordinarias que sofre a poboación. O *modus operandi* reflicte que o **afán recaudatorio** de ditas administración é maior que a defensa dos intereses lexítimos dos veciños e veciñas.

É o noso deber como oposición instar a Alcaldesa e o Goberno Municipal para que tome **medidas** en prol de **minimizar o impacto impositivo**. Que estes non se limiten a preveer no orzamento deste exercicio un Incremento de 800.000€ na recadación do IBI, que según informa a intervención municipal, pode ser maior. É dicir, **unha suba na recadación deste imposto dun 100% para este ano**.

Unha vez recibidas as notificacións do catastro, surxiran moitas dúbidas e reclamacións por parte dos afectados e posibles erros de tramitación. O prazo de alegacións é de un mes, sumándolle unha situación de pandemia con mobilidade reducida, aforos limitados e demais circunstancias, dificultan enormemente o asesoramento e a tramitación sobre todo, os veciños e veciñas máis vulnerables.

Os impostos deben existir, cumprindo entre outras características, a de proporcionalidade, que sexan previsibles e tendo sempre en conta no contexto socioeconómico os que están suxeito a súa aplicación. Precisamente o incremento desproporcionado do IBI avalado polo goberno, o Inminente cobro dos recibos e o seu importe, máis a situación derivada da pandemia non cumpren coas premisas anteriores, polo que o noso grupo considera que debemos actuar en defensa dos intereses da veciñanza.

#### PROPOSTA DE ACORDO:

Por todo o exposto, o grupo municipal do Partido Popular presenta ao Pleno da Corporación para debate e aprobación a adopción dos seguintes acordos:

1.- **Solicitar a xerencia territorial do Catastro a paralización do inicio do procedemento simplificado de valoración colectiva no Concello coa maior dilixencia posible para anticiparse á chegada de notificacións ós afectados/as.**

2.- **Solicitar** a xerencia territorial do Catastro unha **moratoria de dous anos** no inicio de procedemento simplificado.

3.- Iniciar a elaboración dos informes técnicos pertinentes que permitan **modificar a ordenanza** que regula o Imposto de Bens e Inmobles (**IBI**) deste Concello na liña de **baixar** o tipo impositivo actual, do **0,5%** o mínimo permitido, de **0,4%.**”

**VOTACIÓN DA URXENCIA:** Pola Sra. Alcaldesa sométese a votación da urxencia da moción, esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos **TRECE** membros presentes nesta sesión.

**Sr. González Souto:** O único pronunciamento público tanto de vostede Loli como de Verónica, que eu teña constancia, que o noso grupo teña constancia, é a súa publicación das dúas no Facebook nos seus respectivos perfiles fai cinco días onde reza algo así como “*dende o Concello de Salceda faremos todo o posible por apoiar e asesorar a veciñanza afectada*”. Asesorar podemos entender que colaboraran cos veciños e non serán vostedes máis ben, serán os funcionarios ou unha empresa que contratarán con cartos do Concello, os que vaian a atender aos veciños. Apoiar en que van apoiar? Vai a ser un apoio moral? Vanlle dar as condolencias? Solidarizaranse con eles ou teñen previsto facer algo máis? Se lemos a mensaxe que vostedes puxeron no Facebook “*dende o Concello de Salceda faremos todo o posible por apoiar e asesorar a veciñanza*” parece cando unha administración se dirixe aos veciños despois dunha desgracia ou catástrofe, só que neste caso é o Concello o cómplice, porque recauda neste caso, e aínda porque o orzamento aprobado hoxe xa recolle o sablazo que lle vai a cair aos veciños. Mire, un Concello non pode nin debe complicarlle a vida aos veciños e permitindo que o catastrazo siga adiante neste contexto de pandemia non lles axuda en nada a sobrelevar esta situación. Vostedes o Goberno xa saben onde van a gastar os cartos deste sablazo, sen preocuparse de que os veciños poidan ter necesidades máis básicas que cubrir con ese diñeiro, en vez de entregarllo ao Concello, desta forma con estes tributos o catastro fai apretar máis as familias mentras o Concello eleva o gasto nun millón de euros máis e faino con moita exaltación.

“*O presuposto máis alto de toda a historia do Concello*” é certo, pero quen vai a pagar esa subida do gasto do Concello? Os veciños. Podemos alegrarnos claro, porque da para moito máis e se suben ao dobre dan para facer moitas máis cousas. Para vostedes isto é un ingreso extraordinario, para o Concello, para os veciños é un gasto extraordinario esa é a gran diferenza ingreso-gasto. Solicitemos ao catastro a paralización e iniciemos a modificación da ordenanza do IBI para amortiguar a retroactividade do pago. Cando os prazos son os que son e xa deixaron vostedes pasar os dez días hábiles de alegacións que remataron o 17 de febreiro, urxe poder plantexar este acordo ao Pleno hoxe e non dentro de dous meses, porque simplemente cando chegue a notificación aos afectados xa vai ser tarde. En canto ás

reclamación incluso poden ser un gasto adicional para os petos dos veciños porque en moitos casos será necesario levantamentos topográficos para xustificar as medicións das propiedades e moitas das reclamacións irán por aí. Un levantamento topográfico pode valer, 200, 300, 400 euros, a parte do que podas pagar con carácter retroactivo. Todos sabemos que o que aparece nos planos do catastro en moitos casos o parecido coa realidade é pura coincidencia, así que veciños de Salceda preparémonos, enriba da suba do imposto engádalle os custos asociados as alegacións.

En resumo, primeiro non se dan as circunstancias para que os veciños poidan defenderse adecuadamente co virus da COVID-19 andando por aí, segundo tampouco as economías das familias están para facer fronte a estes pagos.

**Sra. Pereira González:** Deixouse esta moción para o final e xa no debate dos orzamentos se introduciu este tema e xa se faláron bastantes cuestións, supoño que a moción xa a traía preparada e obviaches bastantes cousas das que xa estivemos falando e a Alcaldesa na súa quenda final xa estivo resumindo. Partimos da base de que é o Catastro quen leva a cabo este procedemento de xeito unilateral, que non é o Concello quen o decide, o Concello é afectado porque aféctalle en canto a recadación, o Concello non ten outro tipo de interferencia neste proceso ata o momento final ao que accedemos á recadación. Sobre este procedemento non mudan os valores catastrais, non muda o tipo impositivo, cando vostede di na súa frase “*incrementa o IBI*” non, o IBI é o imposto, o imposto non incrementa, vai a aumentar a recadación dese imposto porque van a incluírse inmobles que non estaban tributando, pero o IBI non muda, segue sendo o mesmo. Continúan os valores catastrais que son do ano 1989, e ademais se tivo en conta os valores máis baixos da ponencia para dar de alta estes inmobles, precisamente pensando na veciñanza máis vulnerable. Como xa anunciou a Alcaldesa, estamos traballando, de entrada a actuación máis inmediata será ese punto de asesoramento, un punto que o formarán catro persoas para atender un máximo número de persoas ao día, porque como ben saben posiblemente sexan moitas as persoas afectadas. Ademais temos a vindeira semana unha formación coa Xerencia do Catastro na que nos facilitará as plantillas para que as alegacións vaian o mellor formalizadas posible e que prosperen. Ademais diso non só poden vir ao Concello de Salceda hai puntos de información catastral no ORAL de O Porriño, de Tui, Vigo, en Pontevedra, a mobilidade non é unha escusa. Precisamente pensando nos veciños máis vulnerables empezaremos a traballar na modificación da ordenanza, para crear bonificacións para favorecer aos colectivos máis vulnerables aos que lles poida afectar iso e estamos de acordo en estudar a baixada do tipo, previos os informes de intervención e incluso non sexan tan ríxidos e que ao mellor en vez de ser no 40 sexa no 45, será cuestión de estudialo con intervención.

En canto ao dous primeiros puntos, pedir a eliminación deste proceso e a moratoria, eu non sei se vostedes faláron co Catastro, se se comunicaron con eles nalgún momento, a verdade é que nestas últimas semanas levo falado moito coa Xerencia en busca das alternativas que nós poidamos ofrecer aos nosos veciños, pero alternativas



series e reais. Decía a miña a aboa que contra o vicio de pedir esta a virtude de non dar, podemos pedir, podemos enganar á veciñanza, pero sexamos realistas, o proceso está iniciado, o proceso está en marcha, e nos vindeiros días saíran as notificacións, non van a parar este procedemento e a moratoria, que tampouco se contempla no Catastro, é outro engano e darlle unha patada a pelota para facela un pouquiño máis grande dentro de dous anos. A realidade é que o Catastro decidiu levar a cabo este procedemento, concordamos que non é o mellor momento para a veciñanza por iso faremos o que estea nas nosas partes para minorar o impacto que isto poida ter na veciñanza.

En canto ao orzamento, que nos orgullecemos pero que o pagan os veciños, o orzamento ten dúas partes, gastos e ingresos e os ingresos como vostede ve proveñen de impostos, de taxas, as pagan os veciños claro iso é así. Como digo e como xa anuncio Loli no inicio da exposición na súa quenda de orzamentos, estamos de acordo en apoiar a moción no que se refire á posibilidade de estudar a baixada do tipo incluso, si queredes, incluír bonificacións na ordenanza porque niso estamos traballando e nos comprometemos a traer neste ano para que poida entrar en vigor o vindeiro, pero os dous primeiros puntos non os imos a aceptar, e non os imos a aceptar simplemente porque é un engano, pode estar moi ben dicilo pero é enganar á veciñanza e nas miñas conversas coa Xerente do Catastro me di que non vai haber posibilidade ningunha, entón polo tanto imos a ser serios e non imos a enganar a veciñanza.

**Sra. Tourón Domínguez:** Quero comezando agradecendo o bo tono no que o compañeiro do Partido Popular defendeu esta moción, que xa nos anunciou con antelación. É verdade que podemos defender todas as nosas posturas mantendo este bo tono, creo que concretamente do IBI xa falamos moito durante este pleno, simplemente comentar un par de cousiñas. Facer incidencia no que xa díxo Lucía, efectivamente ela tivo un montón de conversas intentando buscar solucións para a veciñanza para este procedemento, que efectivamente inicia o Catastro, que non é o Concello, quero que lle quede claro a veciñanza, estamos nun proceso que non é o incremento do IBI por moito que intentemos ou que se intente dende algúns lados, dende o Partido Popular, dicir que é un incremento do IBI que fai o Concello non é así. Isto é un procedemento simplificado, do que se trata é de que as fincas que teñen a consideración de urbanas paguen como tal, cousa que non se está facendo ata agora, é un procedemento totalmente legal e como decía antes, isto sale da Xerencia de Catastro pero está avalada nunha Lei do 13/2015 aprobada polo goberno do Partido Popular, un proceso que xa pasaron moitos dos Concellos da nosa contorna e que agora non está pasando só en Salceda, temén en Mos, Porriño e Bueu. Non é que o Concello de Salceda decidise facer isto, senón que está avalado por unha Lei estatal e parte de Catastro.

Como decía Lucía os orzamentos teñen ingresos e gastos, por suposto que os gastos non é que os paguen os veciños, pagámoslos os veciños porque nós tamén somos

veciños e veciñas, tamén pagamos os nosos impostos, creo que igual que pagamos os impostos do Concello, a veciñanza tamén pagamos os impostos doutras administracións como o Goberno Central ou da Xunta, ese non é o debate deste momento. Creo que o máis importante desta moción é que lle quede claro á veciñanza como é o proceso e o que conleva, xa o comentou a Alcaldesa na súa intervención final no punto dos orzamentos, que sepa a veciñanza que o Concello está poñendo todas as medidas para facilitar todo este proceso simplificado. Non sei ben ao que se refería o compañeiro do Partido Popular, Primitivo, cando comentaba que nos nosos facebook puxemos que o Concello ía a axudar, é unha decisión do equipo de goberno tomar medidas con respecto a este tema, entre elas as que mencionou tanto a Alcaldesa como a compañeira de Facenda. Poñer ese punto de información e asesoramento que funcionará xa, a partir de canto cheguen as primeiras cartas para que ese mes de alegacións que teñen os afectados, e que tamén hai que aclarar que os afectados non son toda a veciñanza de Salceda, pero poñer ese servizo en funcionamento, estudar efectivamente, como poñía na moción, xa estamos comezando o estudo da ordenanza tanto para mirar se é posible esa baixada do tipo como para incluír medidas sociais a aqueles sectores da poboación máis vulnerables e que máis necesiten. Volvo a insistir, isto non afecta a toda a poboación de Salceda.

Efectivamente todos estamos de acordo que non é o mellor momento, por suposto que non é o mellor momento, defendémoslos en mocións coa rebaixa do IVE aos salóns do peiteado, pero tamén todos sabemos que isto ía a chegar que isto tamén é lóxico, é xusto en certa medida porque outros Concellos do contorno o están pagando dende fai anos, é dicir, en España tamén existe o que é a xustiza social e a xustiza fiscal e é para todos igual. O que pode facer o Concello dende a nosa parte é axudar todo o posible para iso temos estas medidas establecidas e por suposto, tanto no primeiro punto como no segundo punto da moción do Partido Popular eu tampouco fun nin nunca o serei de facer brindis ao sol e quedar ben por cuestión de imaxe, cando todos sabemos que é un proceso irreversible e que hai que levalo a cabo, apoio ao terceiro punto tal como como dicía a Concelleira de Facenda.

**Sr. González Souto:** Creo que tamén tendedes a utilizar a palabra mentira ou enganos porque a utilizades a veces con certa facilidade, eu persoalmente non me carecterizo por iso, tamén as utilizades algunhas veces nas publicacións nas redes sociais. O IBI sube os edificios que están na rúa Vigo, o que ten un piso na rúa Vigo e é rústico vaille pasar a subir porque pasa a solo urbano. A maioría das casas que hai no rural pasan a pagar máis, increméntaselle o IBI porque incorpóraselle á parte urbana, ou sexa, teñen o IBI da construción e váiselle incorporar o solo, iso é o que estou dicindo, Que non lle afecta a algún? Pode ser que non lle afecte a algún pero vai ser masivo e senón vádesvos dar conta no Concello a cantidade de persoas que van a acercarse en busca de asesoramento. Ademais hai que ter en conta que unha vivenda no rural pode atoparse este ano con 600 ou 650€ de IBI entre os atrasos e a liquidación, sen falar da persoa que ten varias fincas, pois por un finca de 1000 metros que poden





pagar 50€ máis os catro anos para atrás son 250€ que vai a liquidar este ano, máis se ten un casa son 600€. Creo que toman o tema cun pouquiño de frivolidade, con isto quería contestarlle a Lucía que o IBI sube, se ti tes unha vivenda no rural e o solo non está catalogado como urbano no recibo o IBI vai a ser maior que o ano anterior. Loli dixo que Mos tiña o 0,7, non é 0,7 vostede mentiu, vostede equivocouse. En Mos hai un apoio unánime do goberno e da oposición para paralizar a aplicación no procedemento simplificado, tiveron a vontade de instar ao ORAL, vostedes deixaron pasar os dez días de alegacións que lle permiten alegar contra o procedemento, de feito alí está na publicación que fai Micaela, a Xerante Territorial do Catastro. Despois falan do Porriño, saben que tipo teñen en Porriño? O 0.4, o mínimo. Porriño as seis da tarde de hoxe aínda non tiña iniciado o procedemento, Bueu tampouco está colgado a día de hoxe, agora mesmo onde está iniciado é en Salceda e en Mos.

Creo que podemos facer entre toda a Corporación forza e instar ao Catastro, aprobouse en España un estado de alarma, restrinxíronos as liberdades, non podemos entrar dada a excepcionalidade da situación, frenar isto e esperar un ano para que a situación económica se remonte e poida facerlle fronte a xente e máis, se conseguimos baixar o tipo do IBI vai a ter menos consecuencias a nivel retroactivo para esa xente que ten que liquidar. Creo que temos que ser sensibles fronte a esta situación e por último, que saiban que esta moción falouse nalgún momento, pediuse asesoramento aos servizos técnicos do Concello os cales teño que agradecer a súa disposición, simplemente polo que vexo vostedes non van a prestarse a facerlle ningún tipo de escrito ao Catastro.

**Sra. Tourón Domínguez:** O que comenta o compañeiro do Partido Popular que un edificio da rúa Vigo que estea pagando rústico, de verdade vostede cree xusto para o resto da poboación que un edificio estea pagando rústico? Creo que o que ten fincas urbanizables e o que ten edificacións paguen o mesmo que quen teña rústico e xusto? Creo que isto de xustiza social e fiscal para todo o mundo non se está tendo en conta, é a miña opinión. En Porriño e Bueu aínda non teñen publicado non imos a ser o Concello de Salceda que lle diga a Xerencia de Catastro que celeridade ten que levar nos procedementos, a Xerencia de Catastro xa anuncio que fan para os catro Concellos. Creo que tamén temos que ser serios e rigurosos, eu tampouco son a que utiliza nunca a palabra "*mentir ou a palabra engano*" parece que na miña boca moi pouquiñas veces se mirou nin a vou a utilizar, creo que todos defendemos o que cremos en cada momento sen enganar a poboación, ou eu polo menos é o que fixen sempre. Creo que darlle unha patada para a diante a isto cunha moratoria que ademais nos van a dicir que non é facer un xesto a veciñanza para que quedar ben e ter o mesmo problema dentro dun ano. É un proceso irreversible, nós pola nosa parte puxemos en marcha toda a maquinaria necesaria para atender a poboación, estamos estudando todas as posibilidades para rebaixar o tipo ou poñer bonificacións, creo que dende o Concello é o que temos que facer e é polo que imos a traballar.

**Sra. Pereira González:** Non imos aceptar estes dous primeiros puntos porque cremos

que son un engano, non son unha proposta seria, nós ofrecemos propostas serias e de todos os xeitos teñamos en conta a proposta de redución do tipo impositivo, a proposta de bonificacións que queremos e pretendemos aprobar, aprobarase neste ano para aplicar no 2022. Sexamos realistas, tampouco pretendamos seguir enganando a poboación aínda que o aprobemos este ano o efecto será a partir do ano 2022, este é un procedemento que afecta a este ano xa, iso que quede claro. Se queredes retirar os dous puntos e incluso engadir os das bonificacións por iso de comprometermos, o noso compromiso tédelo e senón nós non imos a votar a favor desta moción. Despois, se hai bolsas de terrenos rústico dentro do casco urbano, pois bastante inxustiza é que haxa veciños que esteán pagando por un piso como solo rústico, isto é consecuencia de ter unha ponencia do ano 1989 e de ter unhas Normas Subsidiarias do 1997 que non se trasladaron ao Catastro e o desfase que hai entre a realidade e os datos que o Catastro ten, polo tanto é unha regularización e as cousas son así. Se queredes retirar os dous puntos a apoiamos e engadimos as modificacións ou senón non contará co noso apoio.

**Sr. González Souto:** Verónica dixo que hai que ser serios e rigurosos, eu dixen que Bueu, dixen que Porriño, ás seis da tarde de hoxe non tiña o edicto posto na páxina do catastro, son serio e riguroso que lle quede claro. Lucía utilizou a palabra “*seguir enganando*” eu en ningún momento dixen que se cambia, se modifica a ordenanza do IBI, se a cambias antes e a publicas no DOG antes do 31 de decembro entra para o 2022. Eu non seguí enganando a ninguén porque eu non dixen que iso fora doutra maneira, por favor, pídolle a vostedes que cando falen de serio, rigurosos e enganados, cínganse ben porque están acusando ás persoas e hai que ter un pouco máis de tacto con esas cousas, porque ao mellor están acostumbrados politicamente a traballar así, e eu non.

Nós mantemos a nosa postura, creemos que podemos dirixirnos ao Catastro, creemos que estamos nunha situación extraordinaria e ratifícome coas liberdades cortadas por un estado de alarma, porque non vai a ser o momento de dicirle ao Catastro que pare para que os nosos veciños cumpran, eu non digo que non teñan que pagar, eu o que digo é que as circunstancias non son as correctas.

**Sr. Alcaldesa:** Non me vou repetir, xa falamos no primeiro punto deste pleno deste tema, sinto haberche fastidiado o discurso da moción Tivo, non era a miña intención, era esperar e agardar ao debate agora, pero evidentemente vinme na obriga. O pronunciamento do equipo de goberno en canto ao voto xa o manifestou a compañeira Lucía, polo tanto leo os acordos e procedemos a votación deste Moción:

1.- Solicitar á Xerencia Territorial do Catastro a paralización do inicio do procedemento simplificado de valoración colectiva no Concello coa maior dilixencia posible para anticiparse á chegada de notificacións ós afectados/as.

2.- Solicitar á Xerencia Territorial do Catastro unha moratoria de dous anos no inicio



de procedemento simplificado.

3.- Iniciar a elaboración dos informes técnicos pertinentes que permitan modificar a ordenanza que regula o Imposto de Bens e Inmobles (IBI) deste Concello na liña de baixar o tipo impositivo actual, do 0,5% o mínimo permitido, de 0,4%.

**VOTACION DA MOCIÓN: Sometida a votación a moción, esta resulta rexeitada por SETE votos a en contra do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Municipal Movemento Salceda (4) e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE (3) E SEIS votos en favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Partido Popular.**

### **Proposta de Resolución: MOCIÓN 8M**

**Sra. Pérez Domínguez:** Da lectura a moción seguinte:

*“O Grupo Municipal Popular no Concello de Salceda de Caselas de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de **MOCIÓN**:*

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*A incorporación das mulleres ao mercado laboral, a permanencia no emprego e as súas condicións de traballo aínda están lonxe de producirse en condicións de igualdade.*

*As estatísticas seguen a revelar unha realidade desigual nas retribucións salariais, na promoción profesional, no acceso a sectores e ámbitos aínda fortemente masculinizados, así como tamén na presenza nas esferas de decisión.*

*O impacto de xénero da covid-19, ou como a crise ocasionada pola covid-19 lle afecta de xeito diferente a mulleres e a homes ten sido analizado por distintos organismos, internacionais, nacionais e tamén autonómicos, como a OIT, a ONU, a OCDE, a UE, o IMIO, a Universidade de Vigo e a Consellería de Emprego e Igualdade, entre moitos outros. Todos coinciden en sinalar que a tripla dimensión desta crise, sanitaria, social e económica, ten unha repercusión diferente entre homes e mulleres e que a resposta á crise debe incorporar o enfoque de xénero para que non se incrementen as desigualdades xa existentes.*

*Destacan todos os informes o rol das mulleres na xestión da pandemia. Segundo a ONU, as mulleres desempeñan un papel imprescindible na loita contra a covid-19:*



como principais cuidadoras nos fogares, nas redes familiares e os espazos comunitarios, traballadoras e profesionais no sector da saúde, sobre representadas nos servizos de limpeza, traballadoras domésticas e en servizos básicos (como supermercados e farmacias). As tarefas de coidado dentro dos fogares están a recaer maioritariamente nas mulleres, que, polo xeral, teñen a responsabilidade de atender a familiares enfermos, persoas maiores e dependentes e nenos e nenas

Indica o IMIO a nivel nacional, que as mulleres seguen realizando a maior parte do traballo doméstico e de coidado de persoas dependentes, remunerado e non remunerado, asumindo tamén unha maior carga mental derivada da mesma.

Un dos grandes retos é a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a corresponsabilidade no ámbito doméstico e familiar. A desigual repartición das responsabilidades familiares e das tarefas do fogar constitúe un dos principais obstáculos para que a participación, a permanencia e a promoción das mulleres na esfera laboral se produza de forma plena.

É indubidable que a plena igualdade no ámbito laboral só será posible se existe unha asunción equitativa do traballo doméstico e de coidados no ámbito do fogar. Temos que apostar por un modelo de sociedade corresponsable no que homes e mulleres compartan de maneira equilibrada responsabilidades domésticas e familiares, no marco do necesario cambio cultural en torno aos usos do tempo. É necesario impulsar a concienciación do conxunto da sociedade en favor dunha organización social corresponsable e de horarios máis racionais, así como reforzar os recursos destinados á conciliación da vida laboral, persoal e familiar.

As empresas, pola súa banda, introducen de xeito voluntario no seu ordenamento interno cada vez en maior medida plans de igualdade con apartados específicos dedicados ás medidas de conciliación. O xeito de facelo de xeito voluntario é un claro indicador da vontade de traballar en prol da igualdade pero tamén da asunción dos efectos positivos destas medidas sobre o propio clima laboral da empresa e sobre os seus resultados

Outra importante transformación que é estrutural, e que será tamén imprescindible de cara a conseguir a conciliación real, é o cambio na xestión global dos tempos. Isto pasa por facer fronte ao necesario debate da racionalización horaria a nivel global, buscando un novo pacto social de xestión racional e xusta dos tempos entre a cidadanía, o ámbito da empresa privada e a administración.

As medidas tanto de conciliación como de racionalización horaria teñen sen dúbida efectos moi positivos sobre a calidade do emprego e o benestar social. Nun paso máis alá, está demostrado que as políticas de igualdade e nomeadamente as medidas de conciliación poden ser un importante alento ás políticas demográficas: sen conciliación e corresponsabilidade non hai posibilidades de desenvolver



*políticas demográficas sustentables e realistas.*

*Se un dos camiños que conducen ao emprego de calidade e ao benestar social son as políticas de conciliación, outro non menos importante é o da formación e o coñecemento. Precisamente pola inxusta distribución da responsabilidade da conciliación, moitas mulleres viron e aínda ven dificultada a súa inserción no mercado laboral e tamén as súas posibilidades de formación e desenvolvemento.*

*É fundamental seguir apoiando o liderado feminino e a presenza das mulleres en todas as esferas da sociedade, incluíndo os postos de decisión e influencia, á vez que cómpre seguir traballando para derrubar os obstáculos que dificultan a incorporación en condicións de igualdade e a promoción profesional das mulleres en ámbitos como o da ciencia. Para iso, ademais da aplicación de políticas específicas, resulta imprescindible seguir traballando para eliminar os estereotipos e roles que sustentan a desigualdade de xénero.*

*A manifestación máis cruel e da desigualdade existente entre mulleres e homes no mundo é a violencia de xénero.*

*A eliminación da violencia contra as mulleres é un reto de toda a sociedade, unha tarefa conxunta que require unha actuación unitaria e a máxima coordinación, colaboración e cooperación.*

*Para iso necesítase un consenso institucional, político e social que mostre, sen fisuras, o compromiso de todas as institucións coa sociedade para alcanzar os acordos que permitan avanzar na erradicación da violencia contra as mulleres.*

*Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Salceda de Caselas presenta a seguinte:*

### **PROPOSTA DE ACORDOS**

*1.-O Concello de Salceda de Caselas insta ao Goberno do Estado a:*

- *A aprobación da Lei de Igualdade Salarial para rematar coa fenda salarial de xénero entre homes e mulleres. E mentras non estea aprobada se incremente e dote de recursos suficientes á inspección laboral co fin de perseguir calquera discriminación que por razón de xénero se produza no ámbito laboral.*
- *A modificación e actualización da Lei de Conciliación e Corresponsabilidade de 1999 tendo en conta a nova realidade demográfica, a racionalización horaria e favorecendo a compatibilidade do traballo coa vida persoal e familiar.*





2. O Concello de Salceda de Caselas insta á Xunta de Galicia a:

- *Fomentar, en colaboración coas entidades locais, medidas e programas de conciliación e corresponsabilidade nos que se incorporen a perspectiva de xénero.*
- *Fomentar, en colaboración coas organizacións sindicais e empresariais, e dentro do marco do Diálogo Social, a aprobación de novas medidas que alenten a corresponsabilidade e a conciliación, a través de Plans específicos, incentivando no ámbito laboral novas modalidades de traballo flexibles, promovendo que estas se desenvolvan tamén polos homes, e artellando medidas que garantan a compatibilidade entre teletraballo e conciliación, así como o desenvolvemento de programas de inserción laboral dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero.*
- *Realizar un Plan de sensibilización e concienciación do conxunto da sociedade en favor dunha organización social corresponsable e de horarios máis racionais.*
- *Ter en conta na elaboración de calquera medida a denominada “interseccionalidade”, en virtude da cal algúns sectores da sociedade, como as mulleres anciás, as mulleres con diversidade funcional, as mulleres pertencentes ao colectivo LGBTI e a minorías étnicas e inmigrantes, son particularmente vulnerables ao virus e ás súas consecuencias.*

3. O goberno municipal adopte as seguintes medidas:

- *Realizar un Plan de Sensibilización Municipal de concienciación do conxunto da sociedade en favor dunha organización social corresponsable e de horarios máis racionais.*
- *Ter en conta na elaboración de calquera medida municipal, en calquera dos seus ámbitos competenciais, a denominada “interseccionalidade”, en virtude da cal algúns sectores da sociedade, como as mulleres anciás, as mulleres con diversidade funcional, as mulleres pertencentes ao colectivo LGBTI e a minorías étnicas e inmigrantes, son especialmente vulnerables ao virus e ás súas consecuencias.”*

**VOTACIÓN DA URXENCIA:** Pola Sra. Alcadesa sométese a votación da urxencia da moción, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes nesta sesión.

**Sra. Alcadesa:** Quero facer unha serie de apreciacións, creo que mezclades cousas na vosa moción, vexo que falades de interseccionalidade pero se mezclan precisamente neste concepto non é o mesmo desigualdade, vulnerabilidade, discriminación múltiple

e interseccionalidade, hai moita diferenza entre unhas cousas e outras. A desigualdade estrutural que sofren as mulleres polo feito de ser mulleres, vivan onde vivan e cales sexan as súas circunstancias é unha cousa, pero cando esta desigualdade estrutural que coñecemos e que sufrimos, común a todas, se unen uns rasgos de discriminación coma a discapacidade ou outro tipo de cuestións, entón aparece a discriminación múltiple. Como vos digo, a discriminación múltiple concorre cando hai varios rangos que conflúen. Podería poñervos un exemplo de discriminación interseccional “as mulleres con discapacidade eran esterelizadas polo feito de ser mulleres e de ter unha discapacidade”, iso é unha discriminación específica non polo xeito de ser muller. En todo caso eu voume a centrar no Concello de Salceda, na área de igualdade que é a miña responsabilidade e no compromiso que ten todo o equipo de goberno coa igualdade. As medidas que nós contemplamos, creo que falei moitas veces do noso Plan de Igualdade, sei que é extenso pero é bo que coñezamos todos e todas as medidas para que logo non traíamos mocións xenéricas en que moitos dos seus acordos xa veñen contemplados no noso Plan de Igualdade. Vou resumir algunhas das que contempla o Plan de Igualdade.

O Plan de Igualdade, un dos seus obxectivos é deseñar actuacións con mulleres en situación precisamente de vulnerabilidade e atender a diversidade. Hai un eixo do Plan de igualdade, o eixo 7, que por completo adica á discriminación, á vulnerabilidade e precisamente á intersaccionalidade. Por exemplo a medida 7.1 desenvolve as actividades de empoderamento das mulleres en situación de vulnerabilidade e/ou en situación de discriminación múltiple. Teño que dicirvos que esta ademais é unha das medidas que xa se levou a cabo co programa de “promoción de igualdade e promoción de violencia de xénero”, realizou cinco talleres no noso Concello para mulleres en situación de discriminación múltiple, mulleres discapacitadas, mulleres que sofren violencia de xénero, mulleres emigrantes, en fin medidas e programas que xa dan cumprimento a estas medidas. As medidas do punto 7.2, coñecer as condicións de vida e necesidades das mulleres maiores; 7.3 mellorar as condicións de vida das mulleres con discapacidade e garantir estes dereitos, por certo, aquí teño que facervos unha puntualización, non lle chamemos mulleres con diversidade funcional, así aparece na moción pero elas queren que lle chamemos, piden que non empregemos este término, son mulleres con discapacidades sen máis. Medida 7.4, sensibilizar na defensa dos dereitos e das liberdades das mulleres LGTB conmemorando este Concello de Salceda de Caselas este día, traballar conxuntamente a través do consello escolar e das ANPAS en actividade de sensibilización para prevención do bullying e outras medidas. A medida 7.5 que fala das vítimas de explotación sexual. A medida 3.5, priorizar o acceso as mulleres en risco de exclusión aos programas informativos.

En fin, levamos feito un traballo importante e en era COVID fixemos un traballo moi importante cunha subvención da Xunta co Fondo Social Europeo, con estes fondos se desenrolou o programa de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero do noso Concello durante dous meses que estivo en funcionamento o servizo



municipal de atención integral e asesoramento psicolóxico laboral, social e xurídico a mulleres de especial situación de vulnerabilidade e agora estamos traballando nunha guía que recolle os dereitos das mulleres. Por certo, que teño a disposición vosa a memoria deses talleres, participación e os servizos que se prestaron, están a súa disposición cando queiran. Comprenderás, Noelia, que non ía deixar pasar este punto por alto sen defender a igualdade e o traballo feito deste Concello, queda moito por facer.

**Sra. Pérez Domínguez:** Unha puntualización, simplemente digo que cando foi o prego da Axuda ao Fogar non se tivo en conta, non puxestes nada sobre a incorporación da muller, non puxestes o que aprobamos no pleno anterior, nada do que ti leeches está nese prego, de feito no propio pleno eu díxeno que non se contemplaba nada do Plan de Igualdade.

**Sra. Alcadesa:** Dentro das medidas que expliquei hai moitas que están sen cumprir, eu din conta dos programas que se levaron a cabo e acabei dicindo que queda moito por facer, aínda que rematei dicindo que queda moito por facer.

**Sra. Tourón Domínguez:** A moción do grupo Popular chegou onte a noite a verdade que o traballo da mañan do día a día non me deu tempo entre atender a veciñanza e atender a miña axenda a mirar esta moción e facer as consideracións que estimara oportunas, ao longo da tarde considerei que en nome do grupo Socialista presentar unha emenda a esta Moción e me gustaría que nun tema tan importante como este que a Alcadesa xa defendeu a través do Plan de Igualdade que estamos levando a cabo no Concello, pois que agora que teñades a ben recoller as emendas que fai este grupo. De seguido dou lectura a seguinte:

#### EMENDA:

*Proponse suprimir ao primeiro apartado do punto 1 porque está aprobado dene outubro do ano pasado o Plan contra a brecha salarial de España, e engadir os seguintes apartados no punto dous e a proposta de acordos:*

*Reclamar a Xunta de Galicia a inmediata redacción e aprobación dun Plan estratéxico de igualdade para a igualdade de oportunidades 2021-2024 corrixindo o antes posible a normalidade e que teña rematado o anterior plan sen que se tivera presentado a entrada en vigor o novo dando así cumprimento ao EBS nº 5 da senda 2030.*

*Incidir especialmente na necesidade de programas de corresponsabilidade toda vez que Galicia recibirá este ano fondos adicionais para este fin marco de plan corresponsables posto en marcha este ano polo Goberno do Estada cunha dotación de 200.000.000€ dos que 190.000.000 foron transferidos as Comunidades Autónomas.*



*Incrementar en medio millón de euros o programa de acción de promoción de igualdade e prevención da violencia en colaboración coas Entidades Locais que ven de ser recortado nesta mesma cantidade nos Orzamentos Xerais da Xunta de Galicia. A corrección do informe do impacto do COVID no mercado laboral galego elaborado pola Consellería de Emprego e Igualdade para reparar o erro intolerable de non ter incluído a perspectiva de xénero detallándose separadamente por sexos as consecuencias da pandemia no eido laboral.*

*Demandar dende o Concello o cofinanciamento da rede municipal de centro de información á muller CIM se incremente substancialmente positivo que alcance unha cantidade mesmo superior aos costes laborais permitindo así que incrementen as súas función.*

*Instar, ademais, ao Goberno Galego a asumir as súas competencias en materia de igualdade e garantir que a información e asesoramento as mulleres cheguen a todo o territorio é dicir aos 313 concellos con independencia de que haxa ou no este tipo de temas.”*

O que lle pido a todos os grupos que se teña en conta esta emenda, creo que en materia de igualdade estamos todos de acordo en que hai que avanzar, tanto a moción que trae o Partido Popular como esta emenda creo que van nese camiño de avanzar nese eido, polo cal pido o apoio, sei que non é moi fácil todo o que acabo de ler, pero non me houbo tempo material e a axenda do día a día dos que estamos no Concello tamén hai que mantela.

**Sometida a votación a emenda, esta resulta rexeitada por SETE votos a favor da emenda dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE (3) en contra SEIS votos en contra dos Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular.**

Queda polo tanto **REXEITADA** a emenda por los votos en contra do partido popular, grupo proponente da moción.

**Sra. Tourón Domínguez:** Dicir que o sentido do voto do Partido Socialista vai se igual, apoiar a moción do Partido Popular, creemos que as apreciacións que fixo a Alcadesa como responsable de igualdade nos é suficiente para apoiala, se ben lamento que non se apoie isto porque ao final é mellorar en prol da igualdade e todo suma e lamento profundamente que o Partido Popular non apoiar este emenda.

**Sra. Pérez Domínguez:** Votamos que non á emenda porque non podemos votar que sí agora no momento, xa é a segunda polo día de hoxe, se nos pasades as cousas e as lemos antes podemos estudialas e chegar unha acordo entre os dous.



**Sra. Alcadesa:** Tes toda a razón e podo entendelo, pero si é certo que nos votamos a favor en máis dunha moción do Partido Popular e emendase na propia sesión plenaria.

**Sra. Tourón Domínguez:** Creo que un montón de veces, estando na oposición e estando no goberno como di a Alcadesa xa se recolleron emendas de viva a voz no propio pleno porque así o permite a Lei e ademais é un dos procedementos que se establece para este tipo de presentación. Falando de igualdade e demais, vós tamén tedes que entender que tamén temos conciliar o que vós presentades un mércores as nove e media da noite co traballo noso da mañá e coa preparación dunha moción destas e como muller a conciliación con dous fillos. Entendo que non puido ser antes, entendo que din as razón suficientes para dicir porque non se presentou antes, sen máis, de todas formas eu non vou a ser a que leve a contraria nin a que reste en unha cuestión relativa á igualdade, co cal eu independentemente de que a apoiades ou non eu vou a votar a favor.

**VOTACION DA MOCIÓN:** Sometida a votación a moción, esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos **TRECE** membros asistentes a esta sesión, adoptándose o seguinte

**ACORDO:**

1.-O Concello de Salceda de Caselas insta ao Goberno do Estado a:

- A aprobación da Lei de Igualdade Salarial para rematar coa fenda salarial de xénero entre homes e mulleres. E mentras non estea aprobada se incremente e dote de recursos suficientes á inspección laboral co fin de perseguir calquera discriminación que por razón de xénero se produza no ámbito laboral.
- A modificación e actualización da Lei de Conciliación e Corresponsabilidade de 1999 tendo en conta a nova realidade demográfica, a racionalización horaria e favorecendo a compatibilidade do traballo coa vida persoal e familiar.

2. O Concello de Salceda de Caselas insta á Xunta de Galicia a:

- Fomentar, en colaboración coas entidades locais, medidas e programas de conciliación e corresponsabilidade nos que se incorporen a perspectiva de xénero.
- Fomentar, en colaboración coas organizacións sindicais e empresariais, e dentro do marco do Diálogo Social, a aprobación de novas medidas que alenten a corresponsabilidade e a conciliación, a través de Plans específicos, incentivando no ámbito laboral novas modalidades de traballo flexibles, promovendo que estas se desenvolvan tamén polos homes, e artellando medidas que garantan a





compatibilidade entre teletraballo e conciliación, así como o desenvolvemento de programas de inserción laboral dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero.

- Realizar un Plan de sensibilización e concienciación do conxunto da sociedade en favor dunha organización social corresponsable e de horarios máis racionais.

- Ter en conta na elaboración de calquera medida a denominada “interseccionalidade”, en virtude da cal algúns sectores da sociedade, como as mulleres anciás, as mulleres con diversidade funcional, as mulleres pertencentes ao colectivo LGBTI e a minorías étnicas e inmigrantes, son particularmente vulnerables ao virus e ás súas consecuencias.

3. O goberno municipal adopte as seguintes medidas:

- Realizar un Plan de Sensibilización Municipal de concienciación do conxunto da sociedade en favor dunha organización social corresponsable e de horarios máis racionais.

- Ter en conta na elaboración de calquera medida municipal, en calquera dos seus ámbitos competenciais, a denominada “interseccionalidade”, en virtude da cal algúns sectores da sociedade, como as mulleres anciás, as mulleres con diversidade funcional, as mulleres pertencentes ao colectivo LGBTI e a minorías étnicas e inmigrantes, son especialmente vulnerables ao virus e ás súas consecuencias.

### C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

**Sra. Alcaldesa:** Vouvos pedir menos un rogo que presentou Ana Cristina, vouvos pedir que as preguntas e demais rogos que por favor nolas fagades chegar por escrito porque é a unha maña, e daremos conta dela na próxima sesión plenaria.

**Rogo: OBRA DE REPARACIÓN E ASFALTADO NOS TREITOS DA ESTRADA DO BARRIO DE CASÁS (San Xurxo) que conecta tanto con Maceira e como coa antiga Cámara Agraria.**

**Sra. Pérez Cabaleiro:** Na actualidade, as estradas e viais dalgúns puntos da parroquia de San Xurxo encóntranse nunha situación lamentable, concretamente e a día de hoxe, as circunstancias nas que se atopa o barrio de Casás son deplorables. E por isto, que o grupo municipal popular considera necesaria e urxente unha obra de reparación e asfaltado nos treitos da estrada que conecta Casás e Maceira, e Casás e a

antiga Cámara Agraria, unha obra beneficiaria para os veciños da parroquia e toda a veciñanza en xeral que circula por este vial. Por todo o exposto anteriormente, **ROGO, levar a cabo unha obra de reparación e asfaltado nos treitos da estrada do barrio de Casás (parroquia de San Xurxo) que conecta tanto con Maceira como coa antiga Cámara Agraria.**

**Sra. Alcaldesa:** Un rogo que recollo e ademais atendo porque somos coñecedores e coñecedoras do estado desa estrada, de feito traíache o orzamento xa valorado em 9871,67€ que cubriría esa parte que aparecen nas fotografías que é a parte máis danada, o asfaltado integral ata a saída da cámara agraria é un pouquiño máis costoso pero si que entendemos que o estado nese treito é lamentable non só vou recoller o teu rogo senón que imos a atendelo dende o equipo de goberno coa maior das celeridades.

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

